

TEMPORADA 2017 / 2018



**XA NON HAI
QUE DICIR
QUE CHOVE
CENTRO
DRAMÁTICO
GALEGO**

XUNTA DE GALICIA

O Centro Dramático Galego é a unidade de produción teatral da Xunta de Galicia, dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria a través da Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic).

Centro Dramático Galego

Salón Teatro. Rúa Nova, 34
15705 Santiago de Compostela
Tel. 881 867 229
centro.dramatico.galego@xunta.gal
www.centrodramatico.gal
f cdg.salonteatro
@cdg.salonteatro
YouTube centrodramatico

Comunicación. Agadic

Cidade da Cultura de Galicia. Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
Tel. 881 996 073 / 092
prensa.agadic@xunta.gal
www.agadic.gal
f agadic

Coa verdade queres levantar unha dúbida.

DIVINAS PALABRAS

ÍNDICE

01

Presentación	06
------------------------	----

02

Producción propia

<i>Divinas palabras</i> , de Ramón María del Valle-Inclán	08
---	----

03

Coproducións	14
------------------------	----

<i>Elisa e Marcela</i> , de A Panadaría	15
<i>#camiños</i> , de ButacaZero	19
<i>Arnoia, Arnoia</i> , de Pistacatro	23
<i>Anarquismos</i> , de Pablo Fidalgo	27

04

Dramaturxente	30
-------------------------	----

Grupo DramaturXa	31
Teatrhoxe	32
Lanzadeira	32
Taller de dramaturxia	32

05

Residencias	33
-----------------------	----

Feira do Leste, <i>Exilio das moscas e Tras Tannhäuser</i>	34
Javier Martín, <i>O estado cru</i>	35
Anómico Teatro, <i>Chuvia</i>	36
Inversa Teatro, <i>Fémina Sapiens e Té con Kant</i>	37
Voadora, <i>Garaxe</i>	38
A Feroz, <i>Afterparty</i>	39

06

Gran teatro para os máis pequenos	40
<i>A casa do avó</i> , de Tanxarina + Taller de monicreques.	40
<i>Ela</i> , de Caramuxo + Taller sobre Maruxa Mallo.	41
<i>Animais de compañía</i> , de Teatro do Noroeste + Taller do Son . . .	42

07

Teatro Ob-Sceno	44
<i>Amor</i> , de Helen Bertels	44
<i>Deixa de tocala, Sam</i> , de Avelina Pérez	45

08

Formación	46
<i>Corpo e vibración</i> . Taller de movemento por Javier Martín	46
<i>Repertorio e improvisación</i> . Conversa: Antón Lopo+Javier Martín	47
<i>Na corda frouxa</i> . Taller D10! por Emilio Goyanes	48
<i>Novas tecnoloxías</i> , Taller de luz e son por Juan José Amado . . .	48
<i>A palabra en acción</i> . Taller de palabra por Vicente Fuentes . . .	49

09

Publicacións.	50
O papel do teatro. <i>Divinas palabras</i>	50

10

Exhibición	51
----------------------	----

11

Servizos	59
--------------------	----

PRESENTACIÓN



Cando ollo cara fóra, na procura do signo dos nosos días, daqueles feitos que están a suceder no momento preciso en que eu os observo e que me van falar do tempo que nos tocou vivir, a min e aos meus coetáneos; que me van informar sobre o meu contorno máis inmediato e o meu contexto máis afastado; que me van descubrir, en última instancia, detalles sobre os meus conxéneres e sobre min mesma que ata o de agora descoñecía... Cando ollo cara fóra na procura daqueles temas sobre os que debería reflectir o teatro público galego, e busco ese punto de vista alleo a min, que non sexa tan benévolo coas nosas vidas como son eu, atopo vellos sucesos novos. Sucesos dos que se fala compasivamente, ou dos que se deixou de falar hai tempo (quizais por vergoña, impotencia ou aburrimiento). Vexo un suma e segue de actualidades non sempre actuais.

Se teño algo de tempo, e decido determe a analizar o verdadeiro motor destas novas, todo o que interpreto son cortiñas de fume e manipulación, manipulación e cortiñas de fume. Unha nova nova serve para ocultar unha vella nova que non deixa de renovarse, unha e outra vez, ameazando con facerse crónica. É así como empezan a vincularse novas entre si que aparentemente non tiñan nada, ou case nada, que ver unhas coas outras.

Se, finalmente, estou totalmente ociosa, e pescudo a orixe desas novas tan vellas, a miña investigación lévame indefectiblemente a unha distancia de séculos. É así como me deixo tragar por esta sensación de estupidez, de fatal *déjà vu*, de drama perpetuo que se perde na noite dos tempos. É así tamén como retorno á miña pregunta inicial: de que poderíamos falar desde os escenarios de hoxe que non fora mencionado xa nunha cantiga de escarnio e maldicir? Absolutamente de nada, ou absolutamente de todo. Decátome entón de que a miña pregunta debe estar trabucada. Reformúloa. Como deberíamos falar desde os escenarios de hoxe de todo aquilo do que xa se leva falado desde o principio dos tempos? E así comeza a procura dunha forma que nos leve a afondar como público de hoxe. Que nos faga entender que, se tal e como afirma Françoise Jullien, *como seres humanos debemos escoller entre unha construción democrática ou unha construción demagóxica*, só poderemos marcar a diferenza a través da nosa identidade particular, exercéndoa cadaquén día a día. Porque o único drama que non queremos compartir desde o escenario está na perpetuación deste drama global, e non podemos seguir así. Precisamos conquistar cambios, día a día, conscientes de que XA NON HAI QUE DICIR QUE CHOVE.

Fefa Noia

PRODUCCIÓN PROPIA

DIVINAS PALABRAS

TEXTO: Ramón María del Valle-Inclán**DIRECCIÓN:** Xron**ENSAIOS:** do 12 de febreiro ao 11 de abril**ESTREA:** 12 de abril de 2018**FUNCIÓNS NO SALÓN TEATRO:** do 13 ao 29 de abril**XIRA:** de maio a xullo de 2018

Despois da produción da primeira versión en galego de *Martes de Carnaval*, continuaremos afondando na obra de Valle-Inclán coa posta en escena dun dos seus grandes clásicos teatrais: *Divinas palabras*.

Ademais de en Galicia, a aproximación do Centro Dramático Galego a esta peza, que virá asinada por Xron e interpretada por un elenco de nove actrices e actores, poderá verse tamén no Teatro Español de Madrid, escenario no que está prevista unha estadía de 10 días no mes de maio. Deste xeito, darase continuidade tamén á liña de traballo que está a desenvolver a compañía institucional co obxectivo de tender pontes entre o teatro que se está a facer en Galicia e a escena doutros territorios do resto de España e Portugal.

Do mesmo xeito que en *Martes de Carnaval*, o novo proxecto rastrexará a vixencia das palabras de Valle, sempre na procura dun imaxinario actual e coa implicación de parte do equipo habitual do grupo Chévere, Premio Nacional de Teatro 2014.

Ademais, coa posta en escena de *Divinas palabras* en galego saldarase dalgún xeito unha débeda pendente, xa que no momento da fundación do CDG hai 33 anos, non se puido levar a escena este título ao non dispoñer dos dereitos para a tradución da obra.

A consecuencia da morte de Juana, a súa irmá e a súa cuñada disputan a custodia do fillo orfo, que se resolve por un sistema de quendas. Pero ningunha das dúas pensan no benestar do neno, senón nos beneficios que poden acadar elas, guiadas unicamente polo egoísmo e sen importarlles as consecuencias das súas accións.

Traxicomedia de aldea global por Xron

O plan é crear unha peza a partir da lectura de *Divinas palabras* de Valle-Inclán cen anos despois de que fose escrita. Por tanto, achegámonos a esta obra coa mirada desinhibida e confusa dunha lectora actual, que trata, por todos os medios, de deixarse tocar pola forza coa que se conta unha historia, ao mesmo tempo tan crúa e afastada da nosa experiencia.

Para nós *Divinas palabras* é un retrato descarnado dun pobo que permanece inconsciente da súa ferocidade. Un testemuño irascible da miseria moral da sociedade contemporánea. Unha profanación de textos sagrados. Un xogo traxicómico cargado de ambigüidade e ricas suxestións significativas. Unha historia impulsada por paixóns primarias, expresadas con despreocupación e falta de culpabilidade, na que os personaxes se exhiben instintivamente, guiados por unha sinceridade desesperada.

Valle-Inclán intentou na súa época facer un teatro crítico e distinto ao imperante, e foi rexeitado. Cen anos despois, a súa obra pode manter ese mesmo espírito indómito e inconformista, deixándose afectar polo contexto da sociedade actual. Nese sentido, a nosa

lectura da súa obra agora é a expresión de moitas imposibilidades. A imposibilidade dunha identidade propia nun mundo globalizado, a imposibilidade do sagrado, da beleza, da natureza virxe, da pureza, do misterio, de todo iso que simbolizaba Galicia na obra de Valle-Inclán. Porque agora esa aldea valleinclanesca probablemente estará abandonada, deshabitada ou directamente borrada do mapa, cos seus montes queimados, as súas praias urbanizadas e os seus mares exterminados, atravesada por mil camiños asfaltados que, de tanto querer chegar a todas partes, non levan a ningures. Son apenas asfalto.


Se é o escenario o que crea a situación, como dicía Valle-Inclán, a nosa aldea agora será un plató de televisión, e as vidas dos seus habitantes un exercicio de exhibicionismo auto compracente formateado como un *reality*: un espazo de acción tan controlado coma a aldea de *Divinas palabras*. Un espazo social ao mesmo tempo confuso e uniforme, onde todo e nada é posible, onde non hai lugar sequera para o antagonismo, para a loita entre o ben e o mal, entre a escuridade e a luz, entre o aberto e o pechado, porque aos personaxes da historia tan só lles queda a promesa de estar dentro.



Xron O DIRECTOR

Actor, director e activista cultural (Vigo, 1965)

Intégrase no grupo Chévere en 1988, realizando labores de creación de textos, produción teatral, interpretación e dirección artística e escénica en máis de 30 espectáculos. En 1992 participa na creación da Nave de Servizos Artísticos-Sala NASA, ocupándose da xerencia e dirección artística desde 1992 a 2011. Foi membro da xunta directiva da Red de Teatros Alternativos (1999-2003) e do Consello Asesor do Centro Dramático Galego (2006-2009). Entre 2002 e 2005 formou parte do Colectivo Burla Negra e da Plataforma Nunca Máis, participando na creación e desenvolvemento de proxectos de axitación cultural como *O País de Nunca Máis*, *Foro Negro da Cultura* e *Hai que botalos*. Formou parte do equipo de dirección do proxecto *A Cultura Circula* (2006), promovido pola Dirección Xeral de Creación e Difusión Cultural. En 2010 participa na creación da plataforma dixital de contidos culturais *Redenasa.tv*. Dirixe o programa de residencia teatral de Chévere en Teo desde 2012, ocupándose dos labores de mediación cultural. En 2015 exerce como coordinador do Grupo de Traballo de Cultura da plataforma cidadá Compostela Aberta. Desde ese mesmo ano actúa como mediador artístico da Berberecheira, laboratorio de creación escénica con sede en Teo. Participou como relator en diversos foros, encontros e congresos sobre artes escénicas. Ten experiencia como editor en *UltraTextos*, instigador poético (1986-1990), crítico de arte (1988-1998) e publicou numerosos textos en *fanzines*, catálogos, revistas e monografías.



Ramón María del Valle-Inclán

O AUTOR

Escritor e dramaturgo español, Ramón María del Valle-Inclán foi un dos grandes autores de principios de s. XX, exemplo de Modernismo literario e membro da chamada Xeración do 98.

Nacido en Vilanova de Arousa (Pontevedra) no seo dunha familia acomodada vinda a menos, Valle-Inclán estudou en Santiago de Compostela a carreira de Dereito, máis por desexo do seu pai que por propia convicción. Tras a morte do seu proxenitor en 1890 abandonou os estudos e trasladouse a Madrid, onde comezou a facerse coñecido en faladoiros e cafés. Alí gaña diñeiro con colaboracións xornalísticas e publicando algúns contos, pero en 1892 decide viaxar a México onde seguiría ligado ao mundo do xornalismo, como articulista e tradutor. De novo en terras galegas, é en Pontevedra onde mostra o seu renovado enxeño e vese influído polo decadentismo. En 1894 publicaría *Femininas*, a súa primeira antoloxía.

Instalado en Madrid, empeza a coñecer personaxes destacados como Pío Baroja, Azorín ou Benavente, frecuentando cafés e malvivindo con moi poucos recursos económicos. En 1896, tivo unha disputa con Manuel Bueno que desembocou nunha ferida que lle gangrenou o brazo, provocando a súa amputación. A súa figura de manco, con abundante barba e pelo longo, converteríase en aceno inconfundible de identidade.

Pouco despois comeza a súa carreira como dramaturgo, estreando obras como *Cenizas*, e empeza a formar parte do movemento de fin de século xunto a autores como Unamuno. Chegado xa o século XX, Valle-Inclán publicou as súas famosas *Sonatas*.

Quizais a súa etapa máis creativa viría a partir de 1910, con obras como *Voces de Gesta* ou *La marquesa Rosalinda*, aínda que non todas as críticas que recibe son tan positivas como cabería agardar. Daquela a obra de Valle-Inclán vólvese máis persoal e decide dedicarse á novela. Deste período cabe destacar *Tirano Banderas* (1926) e as pezas *Divinas palabras* (1919), que se anuncia como *traxicomedia de aldea* nun contexto galego, e *Lucas de bohemia* (1920) na que o esperpento se mestura coa realidade do Madrid dos cafés e a cínica tradición española.

Valle-Inclán morreu en Santiago de Compostela o 5 de xaneiro de 1936.



Patricia de Lorenzo

PROTAGONISTA

Actriz, cantante e vedete (A Coruña, 1971)

Inicia a súa carreira profesional en 1990. Desde entón, traballa ininterrompidamente en diferentes disciplinas como teatro, música, dobraxe e audiovisual. En 1994 incorpórase como actriz ao grupo Chévere, onde ademais desenvolve outros labores de dirección, administración e produción da compañía. Participou como actriz en case todas as montaxes de Chévere desde 1994, destacando o seu traballo en *Annus Horribilis*, *Ana Pudor*, *Río Bravo 02*, *Testosterona*, *Citizen*, *Eurozone*, *Ultranoite no País dos Ananos*, *As Fillas Bravas* e *Eroski Paraíso*. Tamén traballou en proxectos doutros grupos como La Tirana (*Boleros e Bossa Nova*, 2003), Tristán (*A Cappella o Muelte*, 2000), Teatro do Aquí (*Rastros*, de Roberto Vidal Bolaño, 1998), Moucho Clerk (*O R da Breteña*, dirixida por Quico Cadaval, 1993), Centro Dramático Galego (*Un refaixo para a Celestina*, 1993. *O incerto señor don Hamlet*, de A. Cunqueiro, 1991. *Yerma*, de F. García Lorca, 1990), Pífano (*Tatuaxe*, 1992) e Elsinor Teatro (*A canción do deserto*, 1989). Fixo televisión (*Pepe O Inglés*, *A vida por diante*, *Terras de Miranda*) e cinema (*Lágrimas Negras* de Ricardo Franco, *Galatasaray-Dépor* de Hannes Stöhr, *Crebinsky* de Quique Otero).

Premios *María Casares* mellor actriz protagonista en 1999, 2012 e 2017 e mellor actriz secundaria en 2014. Premio Maruxa Villanueva 2013. Premio do Festival de Teatro de Carballiño mellor actriz protagonista 2009, 2017. Premio El Correo Gallego mellor actriz protagonista 1995.



Manuel Cortés

PROTAGONISTA

Actor, escritor e tradutor (Vilardevós, 1966)

Como actor traballou en case todas as producións de Chévere desde 1992, destacando *Big Bang* (1992), *Annus Horribilis* (1994), *A Rutina é o deber de todas as criaturas* (1998), *hero.es* (1999), *Río Bravo 02* (2002), *Tentacular* (2006), *Citizen* (2011), *Eurozone* (2013), ademais de decenas de *Ultranoites*. Ten traballado moito no audiovisual, protagonizando series de televisión como *As Leis de Celavella* (52 capítulos 2002-2004) e *Pepe O Inglés* (28 capítulos 2005-2006), e longametraxes como *O ouro do tempo* (2011) e *Rafael*, de Xavier Bermúdez (2007). Ademais, participou en series como *El Ministerio del Tiempo* (2015), *Gran Hotel* (2013), *El tiempo entre costuras* (2012), *Matalobos* (2011), *Libro de Familia* (2007-2011) e longametraxes como *Invasor*, de Daniel Carpalsoro (2011), *Vilamor*, de Ignacio Vilar (2011), *Doentes*, de Gustavo Balza (2010), *Crebinsky*, de Quique Otero (2008) e *O lápis do carpinteiro*, de A. Reixa (2001). Como escritor ten participado na escrita de moitas obras do grupo Chévere (*Eroski Paraíso*, *As Fillas Bravas*, *Viaxe ao País dos Ananos*, *Eurozone*, *Citizen*, *Alá no fondo hai sitio abondo*, *Radio Universo*, *HumANA*) e doutras compañías, artistas e grupos como Voadora, Redrum, Antón Coucheiro, Mofa e Befá, Cía. de María, Xosé Manuel Budiño, Os Quinindiola e Nicho Varullo. Tamén escribe para televisión (*Land Rober*, *A Casa da Conexa*, *Escoba*, *Libro de Familia*, *Pepe O Inglés*, *As Leis de Celavella*). Ten publicados dous libros de poesía: *A rutina é o deber de todas as criaturas* (1997) e *Unicornio de cenorias que cabalgas os sábados* (co colectivo Ronseltz, 1994).

COPRODUCCIÓN

Comezamos esta temporada dando continuidade á coprodución que xa avanzamos en 2016: *Elisa e Marcela* de A Panadaría, dirixidas por Gena Baamonde. Un equipo conformado exclusivamente por mulleres, que nos amosa a forza e calidade do teatro galego contemporáneo, e nos lembra a necesidade de facer visibles a tantas outras grandes artistas mulleres en prol dunha igualdade aínda non acadada.

Ao igual que *Elisa e Marcela*, a nosa segunda coprodución, con Esther F. Carrodegua e Xavier Castiñeira á cabeza, pon en valor a dramaturxia galega contemporánea, buscando o diálogo coas novas xeracións de espectadores e a renovación nos temas a

tratar desde o escenario para reflexionar con nós sobre a galegitude nos tempos dos *millennials*.

Teremos tamén o pracer de volver colaborar coa compañía Pistacatro, que aposta nesta ocasión pola actualización do que xa podería ser considerado un clásico da nosa literatura (*Arnoia*, *Arnoia* de Xosé Luís Méndez Ferrín) baixo a dirección doutro clásico nas nosas táboas: Quico Cadaval.

Finalmente, Pablo Fidalgo levaranos a reflectir sobre unha das correntes de pensamento fundamentais da nosa historia, sobre unha actitude vital, quizais unha utopía?

COPRODUCCIÓN ELISA E MARCELA

TEXTO: Gena Baamonde, Esther F. Carrodegua
e A Panaduría

DIRECCIÓN: Gena Baamonde

ELENCO: Areta Bolado, Noelia Castro e Ailén Kendelman

VESTIARIO & CARACTERIZACIÓN: Fanny Bello

ILUMINACIÓN: Montserrat Piñeiro e Laura Iturralde

MÚSICA: Ailén Kendelman

COPRODUTORES: A Panaduría

RESIDENCIA: do 4 ao 24 de setembro de 2017

FUNCIÓNS NO SALÓN TEATRO: do 26 ao 28 de outubro de
2017 ás 20:30 h | 29 de outubro de 2017 ás 18:00 h.

Do 23 ao 28 de outubro de 2018. **REPOSICIÓN**



**DRAMA
TURXENTE**

O 8 de xuño de 1901 dúas mulleres, Elisa e Marcela, casan na igrexa de San Xurxo na Coruña. Para conseguir enganar ao cura e facer oficial o seu amor, Elisa transfórmase en Mario. A voda e os posteriores sucesos que envolven a súa historia convértenas no primeiro matrimonio homosexual do que temos constancia en todo o estado mais tamén nunhas das mulleres máis transgresoras da historia de Galicia. Elisa e Marcela son un símbolo do desafío ás regras do binomio de xénero e da defensa dos dereitos das parellas lésbicas.

Xa casadas

Foi na Escola Normal de mestras da Coruña onde Marcela Gracia Ybeas e Elisa Sánchez Loriga se coñeceron, a mediados de 1880. Durante esa época foron establecendo unha amizade que deseguida se converteu en amor. Comezan a traballar en distintas escolas dos concellos de Coristanco, Vimianzo e Dumbría tentando sempre estar o máis preto posible e poder así vivir xuntas.

No ano 1901 Elisa marcha á Coruña para converterse en Mario, corta o pelo, viste roupa de home, fuma e deixa medrar o bigote. En pouco tempo consegue enganar o párroco Víctor Cortiella para que a bautice como Mario e arranxa todo para a voda, que se celebrará o 8 de xuño.

Xa casadas, deciden volver a Dumbría, pero o engano é descuberto na vila e comezan a ser acosadas e perseguidas polo pobo e as autoridades. Deben fuxir a O Porto, onde retoman a súa convivencia pero as autoridades españolas dan con elas deseguido. Son detidas e encarceradas no Aljube do Porto. Avivados pola grande expectación, todos os xornais galegos e portugueses difunden novas do “matrimonio sen home” e publican notas humorísticas e sarcásticas. Mais son tamén incontables as mostras de apoio e solidariedade durante o tempo que pasan na cadea.

En xaneiro de 1902 apróbase a extradición e Elisa e Marcela volven fuxir, desta vez, cara a Bos Aires. A partir de aí, son moitas as incógnitas que rodean a vida de Elisa

e Marcela; parece ser que existe algunha proba de que Elisa se suicida en Veracruz, México, en 1909. A acta de matrimonio de Elisa e Marcela é, aínda hoxe, válida pois nin a Igrexa nin o Rexistro Civil anularen este documento de voda.

EM LIBERDADE

“Eil-o, enfim, em liberdade
o casal das espanholas,
que se adoram, em verdade
como un par de meigas rôlas!
A Elisa joga ao bilhar,
pois tem d’homem a estrutura;
a Marcela vai bordar,
no que é aximia creatura.
Depois do vaivem cruel,
d’Herodes para Caiphaz,
gosam a lua de mel
na mais doce e santa paz.
Não foram para a fronteira,
o que seria um ultrage:
no café de Zé Nogueira
vivem em doce menage.
E’ pena que as senhoritas
passem pela contingencia
de morrerem, coitaditas,
sem deixarem descendencia...”

Jom-jom. A Província, 31 de agosto de 1901



A Panadaría

A COMPAÑÍA

O nome desta compañía fai referencia a un oficio artesán que proporciona alimento con elementos básicos. O teatro de A Panadaría ispe o escenario para poñer no centro ás súas actrices creadoras.

Fundada en Vigo en 2013 por Areta Bolado (O Porriño, 1985), Noelia Castro (Bellinzona, 1988) e Ailén Kendelman (Bos Aires, 1989). O seu primeiro espectáculo, *PAN! PAN!*, recibe o Premio da Crítica Galicia 2015 e o Premio María Casares 2015 á Mellor Actriz Secundaria (Areta Bolado). O seu segundo espectáculo, *Panamericana* (nomeado a tres Premios María Casares 2016), confirma unha liña de traballo baseada na interpretación, o humor e a música.



Gena Baamonde

A DIRECTORA

Titulada en Dirección de Escena, Posgrao e Mestrado en Arte Dramática. Actualmente é investigadora pre-doutoral contratada pola Universidade de Vigo. Desenvolve a súa tese “Sexualidades des-xeneradas na práctica escénica” na Facultade de Belas Artes de Pontevedra.

Forma parte, durante anos, da compañía Matarile Teatro, do equipo do Teatro Galán e da organización do festival En Pé de Pedra.

Artista residente para o Centro Dramático Galego e o Centro Coreográfico Galego co proxecto *Corpo-puta-vaca-berro*. Realiza asistencia en dirección e dramaturxia para o CDG, Factoría, Disque Danza, A Artística e Voadora.

Crea a compañía María a Parva, na que dirixe e escribe o texto orixinal dos espectáculos *Mullerona*, *Xogo para Nenas* e *Indignos* (Premio María Casares ao Mellor Actor Protagonista). Con A Artística, colabora na creación e dirección de *Des-memoria-2* ou *Verde a tempo completo* e crea e dirixe o espectáculo *Arquitectura da emoción*, centrado na investigación da emoción e os seus patróns físicos.

COPRODUCCIÓN

#camiños

TEXTO: Esther F. Carrodegua

DIRECCIÓN: Xavier Castiñeira

ELENCO: Noelia Blanco, Noa Covelo, Celina Fernández,
Esther F. Carrodegua e Pia Nicoletti

ESCENOGRAFÍA: Xavier Castiñeira

ASESORAMENTO ESCENOGRÁFICO: Diego Valeiras

VESTIARIO: ButacaZero e Diego Valeiras

ASESORAMENTO CORPORAL: Alba Blanco

ILUMINACIÓN: Javi Quintana

AUDIOVISUAIS: Fran X. Rodríguez

COPRODUTORES: ButacaZero

DISTRIBUCIÓN: Culturactiva

RESIDENCIA: do 15 ao 23 de xaneiro de 2018

ESTREA: xoves 25 de xaneiro de 2018

FUNCIONS NO SALÓN TEATRO: do 24 ao 26 de xaneiro ás
11:00 h. Encontros co público ao termo das funcións | Do
25 ao 27 de xaneiro ás 20:30 h | 28 de xaneiro ás 18:00 h



**DRAMA
TURXENTE**

EMANAMOS PEÑA

Como ve a xeración dos millennials as súas raíces? Partindo da idea desas aldeas que se baleiran cada día, ButacaZero quiere reflexionar sobre o que se perde e o que se mantén deste noso pasado na nosa vida diaria. Os tópicos galegos represéntannos ou non? Queremos fuxir deles ou en realidade nos aferramos? Cal é a nosa vida e que ten que ver coa imaxe estereotipada que de nós poden ter os de fóra? Sobre todo isto reflexiona #camiños, unha peza de teatro moi físico na que a música folk convive coa electrónica, as bicicletas de spinning coas letras de Castelao, Rosalía ou Manuel María, e onde a rapsodia e as coreografías nos levan da comedia á traxedia pasando pola ironía. Un aluvián escénico que fará que os espectadores non poidan ficar indiferentes.

Que Galicia queremos para o século XXI? por Xavier Castiñeira

Moitas veces, cando volvo a Galicia en avión, albiscando a través das nubes (se a néboa e a choiva son benignas) fíxome na paisaxe galega: anacos fermosos de terra que, encaixados uns cos outros, debuxan un estraño retallo ao que recoñezo coma o meu fogar. Mais se alguén me preguntara que significa ser galego, coido que non sabería por onde comezar.

Con esta idea de mestura e orde desordenada ideei unha posta en escena que xunta a postmodernidade e o seu diálogo coa tradición. A través do *collage* escénico, e incluso do pastiche, tento encaixar o lugar das miñas raíces coa súa presenza no futuro.

Na posta en escena un pequeno fragmento baixo a luz da lúa convértese na pasarela onde amosar unha visión frenética da Galicia-idea e a Galicia-realidade. Unha proposta na que o lúdico prima sobre a ideoloxía, o ritmo

sobre a pausa e a lóxica do hipervínculo sobre a acción dramática tradicional. A pluralidade de estéticas axúdanme así a conformar teatralmente aqueles diferentes anacos de terra que dan a calor do fogar estando no ar. Sorprender e evocar empregando o poder recreador da palabra, do ritmo e do corpo.

Que Galicia queremos para o século XXI? É a pregunta transversal que percorre toda a proposta escénica. Non busco solucións para unha pregunta da que non teño a resposta. Non teño a certeza de que as poucas respostas que me fun dando durante a creación deste espectáculo sexan as atinadas. Espero, iso si, que esa pregunta se converta en vieiro para que cada quen poida contestala ao seu xeito, amable e responsablemente.

Bo #camiño.



ButacaZero

A COMPAÑÍA

ButacaZero é a plataforma creativa de Esther F. Carrodegua e Xavier Castiñeira, a través da que propoñen un teatro que dialoga directamente co mundo actual, un teatro necesario. A investigación e a reflexión desde un ollar crítico e irónico son as claves que definen as súas propostas, que se concretan en dramaturxias feitas á medida nas que a tradición teatral se mestura coas posibilidades que ofrece o audiovisual en escena.

ButacaZero deuse a coñecer en 2016 na Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia con *Voaxa e Carmín*, peza que inicia unha triloxía sobre a memoria, neste caso histórica, ao levar a escena a Maruxa e Coralía Fandiño Ricart, as coñecidas Marías de Santiago de Compostela. En 2017 estrean *Na butaca [fantasía nº3 en Dor Maior]*, un solo de teatro-danza no que se aborda a memoria desde o esquecemento individual, investigando sobre as demencias. Con *#camiños* péchase esta triloxía que reflexiona sobre a memoria dun pobo: o noso.



Esther F. Carrodegua

A DRAMATURGA

Esta rianxeira asenta o seu currículo entre as letras, o audiovisual e o teatro. A súa escrita cabalga sobre os lindes que separan os xéneros, por este motivo, moitos dos seus textos son difíciles de clasificar. Premiada co Pedrón de Ouro polo relato *Subir o telón* (Edicións do Castro, 2008), con *Collage* (Barbantesa, 2011) reafírmase nunha escrita persoal e poética. A partir de entón, a súa carreira profesional foi derivando de cara ao teatro. Graduada en Dirección e Dramaturxia pola ESAD de Galicia en 2016, déixase notar a súa formación previa como xornalista, non só na súa colaboración coa Revista Galega de Teatro, senón tamén no seu teatro, que nace dunha necesidade vital de investigación. Así naceu *Voaxa e Carmín* (Difusora de Artes, Letras e Ideas, 2016. Premio Abrente de Textos Teatrais 2015), *Na butaca* (Ed. Galaxia, 2017, estreada con ButacaZero tamén en 2017) e por suposto *#camiños*.



Xavier Castiñeira

O DIRECTOR

Licenciado en Dirección de Escena pola RESAD, a súa carreira transcorre xunto a diferentes mestres da dirección galega, nacional e internacional como Manuel Lourenzo, Ana Vázquez de Castro, Fabio Mangolini e Andrés del Bosque, entre outros. A súa formación recolle diferentes métodos que inclúen a gramática corporal de Lecoq, a preexpresividade de Barba, a diana de Donnellan, a repetición de Meissner ou a análise activa de Stanislavski.

Artesán da escena. Respectuoso co ollar intelixente do espectador. Interesado na mestura da realidade e os mundos poéticos da escena. Os seus últimos espectáculos (*El Buscón*, *Voaxa e Carmín*, *#camiños*) revelan a necesidade de experimentar con formas escénicas no que conviven a tradición e a modernidade.

COPRODUCCIÓN

ARNOIA,

ARNOIA.

O circo da casa pequena

TEXTO: Xosé Luís Méndez Ferrín

DIRECCIÓN: Quico Cadaval

ELENCO: Pistacatro

COPRODUTORES: Pistacatro

RESIDENCIA: do 16 ao 31 de xullo e do 3 de setembro ao
10 de outubro de 2018

ESTREA: xoves 11 de outubro de 2018

FUNCIONS NO SALÓN TEATRO: 12, 13, 19 e 20 de outubro
ás 20:30 h | 17 e 18 de outubro ás 11:00 h | 14 e 21 de
outubro ás 18:00 h



**DRAMA
TURXENTE**

ENCARLOS PEÑA

O inicio, o capítulo que lanza a acción, está contido no primeiro capítulo da novela de Méndez Ferrín Arnoia, Arnoia: O Libredón. Virá seguido de episodios con textura de camiño iniciático ou de xogo, aínda que normalmente son sinónimos.

O xogo de mesa máis famoso, o da Oca, é un camiño de perfección en clave. Isto será definitorio da nosa montaxe. Unha multiplicidade de planos, un xogo, un conto, unha peza teatral, un ritual, un enigma...

Moitas serán as aventuras que completarán a volta ao cuarto de adolescente actual, onde se suspenden todos os soños.

O camiño transformador **por Quico Cadaval**

Talvez sexa esta a altura de sinalar que o noso espectáculo non pretende ser unha transposición da novela *Arnoia, Arnoia* de Ferrín. Sen dúbida ese texto é o que provoca a vontade teatral e o que inspira con máis nitidez un espectáculo de teatro-circo no que vampirizamos a súa obra.

O texto de *Arnoia* inspira, mais tamén botaremos man do resto do mundo ficcional de Ferrín, unha terra mítica construída en obras como *Percival, Tagen Ata, Breteña Esmeraldina* e outros soltos por libros como *Elipse*.

Non se trata aquí de facer un espectáculo de CIRCO cunha leve desculpa argumental, senón unha peza

teatral, de aventuras e prodixios, nas que se utilizarán os recursos circenses para resolver os problemas escénicos e narrativos que nos inspire a idea motriz.

A idea é desenvolver este proxecto coa participación de disciplinas circenses, baseado no universo literario de Xosé Luís Méndez Ferrín e destinado ao público xuvenil. Falamos polo tanto dunha historia de aventuras onde a/o protagonista se atopa con diferentes lugares e personaxes fantásticas que, ao tempo, provocan resonancias da cultura e a historia da nosa terra. Como en todas estas narracións, a transformación da personaxe principal prodúcese ao longo do seu paso polo camiño percorrido como proceso, e non tanto pola meta acadada.




Pistacatro

A COMPAÑÍA

Pistacatro Produtora de Soños é un colectivo fundado por varios artistas con sede en Santiago de Compostela e pioneira en Galicia en crear, producir e distribuír espectáculos de novo circo e cabaré. Pistacatro nace cunha dobre finalidade: a de crear e producir espectáculos individuais ou como compañía para dar saída ás inquietudes e actitudes artísticas dos seus integrantes, e a de distribuír estes espectáculos no mercado galego, nacional e internacional, para facer do noso oficio unha opción viable e rendible comercialmente. Debido ás características especiais do novo circo e do cabaré, os seus espectáculos son amplamente adaptables a espazos non convencionais e a novos circuítos, por iso a aspiración da compañía é sempre abrir novos mercados nas artes escénicas e asentar os piares do novo circo como industria cultural en Galicia.

Para Pistacatro, este novo proxecto supón unha aposta por hibridar teatro e circo, ampliando os horizontes das e dos artistas cos que colaboramos. Esta iniciativa complementa as accións que a compañía ven desenvolvendo desde hai tempo cara a un encontro entre o circo e as distintas artes escénicas que nos enriquezan mutuamente. Os criterios de colaboración e mestizaxe marcarán a praxe deste proxecto escénico, co obxectivo de proxectar un futuro anovador para o circo da nosa terra, comprometido coa lingua e a cultura propias.



Xosé Luís Méndez Ferrín

O DRAMATURGO

Xosé Luís Méndez Ferrín é un dos autores destacados da literatura galega contemporánea. Poeta, narrador, ensaísta, e ex-presidente da Real Academia Galega, forxou un universo literario propio no que a fantasía se mestura coa realidade, polo que pode encadrarse no chamado realismo máxico galego xunto a autores como Cunqueiro ou Ánxel Fole. Militante da esquerda independentista galega, a súa posición ideolóxica tamén está presente na súa obra dun xeito explícito. É xustamente a fantasía, a rebeldía e o amor pola cultura que nos é propia, valores que conectan á perfección co ideario do circo e de Pistacatro, o que fai que a obra de Méndez Ferrín sexa unha fonte inesgotable de materiais para este proxecto.



Quico Cadaval

O DIRECTOR

Actor, director e adaptador teatral, Quico Cadaval foi o impulsor do movemento de contacontos que nace en Galicia na década dos 90. Aprendeu a contar contos desde ben pequeno grazas a unhas vellas que foron quen de transmitirle historias, e tamén grazas ás persoas, da máis variada índole, que pasaban pola taberna da súa nai. Nado en Ribeira, comezou na interpretación teatral a finais da década dos setenta e xa, a mediados dos anos 80, funda a súa propia compañía, *O Moucho Clerc*.

Como dramaturgo, asinou os textos *Un código clandestino*, unha dramaturxia dos poemas medievais galaico-portugueses; *Si o vello Simbad volvese ás illas*, romance homónimo de Álvaro Cunqueiro; ou *Rapatú*, que foi premiado co Premio María Casares ao mellor texto orixinal do teatro galego en 2002. Como director, púxose á fronte de montaxes como *A cor das cerejas*, *Doberman*, *Squash*, *A voda dos moinantes*, *Galicia Caníbal* ou *A cabeza do dragón*, primeira adaptación ao galego de Valle Inclán, entre outras. Para o CDG dirixiu *Como en Irlanda* (1996), *O ano do cometa* (2004), *Noite de Reis* (2007), *As dunas* (2009) e *A ópera dos tres reás* (2011). É ademais autor e director dos espectáculos de Mofa e Befá *Para ser exactos*, *Cultura para dar e tomar*, *Finis Mundi Circus*, *Románticos!*, *Bobas & Galegas* e *Shakespeare para ignorantes*, polo que recibiu o Premio Max na categoría de mellor autor teatral en galego. En 2011 foi Premio da Cultura Galega.

Con *Arnoia*, *Arnoia* será a primeira vez que afronte a dirección dunha posta en escena na que se mesturen teatro e disciplinas circenses.

COPRODUCCIÓN ANARQUISMOS

CREACIÓN & DIRECCIÓN: Pablo Fidalgo

APOIO Á CREACIÓN & Á PRODUCCIÓN: Amalia Area

COPRODUTORES: Pablo Fidalgo, Teatro Municipal María Matos de Lisboa, MARCO de Vigo, Proklama Atrium, TNT Terrassa, Teatro Rivoli do Porto

COLABORADORES: co apoio de Azala (Álava)

ESTREA: venres 2 de novembro

FUNCÍONS NO SALÓN TEATRO: 3 de novembro ás 20:30 h

| 4 de novembro ás 18:00 h



**DRAMA
TURXENTE**

1. Toda utopía é o relato silenciado dunha fenda na historia. 2. Unha fenda na historia sinala unha posibilidade de vida diferente. 3. A anarquía foi unha vida diferente que non se quedou en posibilidade. 4. A anarquía foi unha vida diferente que se quedou fóra do relato. 5. O relato da anarquía desapareceu da historia pero permaneceu nos corpos. 6. Os corpos tocaron outros corpos, e outros, e outros... 7. O relato permaneceu nos xestos contidos nos corpos. 8. Os xestos pasaron dun corpo a outro, e a outro e a outro. 9. E chegaron ata nós. 10. O xesto anárquico está en nós.

Os rastros da utopía por Pablo Fidalgo

A anarquía existiu, a anarquía permanece, os xestos nunca desaparecen de todo, necesitamos descubrir nos nosos propios corpos as marcas herdadas da anarquía.

Necesitamos descubrir nos nosos propios corpos as marcas herdadas da anarquía. Se “na raíz do que coñecemos e do que somos non hai nin o ser nin a verdade, senón a exterioridade do accidente” (Foucault), debemos buscar entón, non unha orixe e unha esencia perfectas; senón as desviacións, as pequenas derrotas, os erros de cálculo, os desvanecementos, os absurdos que conforman a xenealoxía ou procedencia (Herkunft) da anarquía.

A palabra vólvese impotente para dar conta da experiencia da anarquía. O relato do poder, o relato vencedor, afogou o relato anarquista. Creou a ilusión de que non hai historia que contar, ou desactivou toda a experiencia da vida diferente baixo a etiqueta de “utopía”,

é dicir, o que non pode existir, ou que non pode permanecer.

Pero toda xenealoxía acaba irremediabilmente inscrita nos corpos. Onde buscar os rastros da utopía senón nos xestos dos corpos impregnados de historia? Corpos dos que, nun momento determinado, emerxe (*Entstehung*) outra forma de vida diferente, unha fenda no relato dominante.

A historia da anarquía está nos xestos que sobreviviron, nos corpos que están impregnados de historia, aínda que privados do relato desa historia. Esta é unha busca deses xestos, un rastrexo histórico e actual de corpos e xestos, nos que emerxe o relato anarquista.

Isto é tamén, entendendo, como Lepecki, que o arquivo non se almacena, senón que actúa, unha invitación a artistas actuais de diferentes disciplinas a actuar e actualizar estes xestos en escena.



Pablo Fidalgo

O CREADOR E DIRECTOR

Escritor, creador teatral e comisario independente, nace en Vigo en 1984. Escribe os libros de poemas *A educación física* (Pre-textos, 2010) e *Os meus pais: Romeo e Xulieta* (Pre-textos, 2013), publicado tamén en portugués por Averno Editora.

Gañou o Premio Injuve de poesía con *A retirada* (2012). Presentou o seu traballo en países e festivais de todo o mundo.

Creou as pezas teatrais *O estado salvaxe. Espanha 1939* (2013), *Has ir á guerra que comeza hoxe* (2015) e *Daniel Faria* (2017). Participou no proxecto *PANOS* de Culturgest (Lisboa, 2015) coa peza *Só hai unha vida e nela quero ter tempo para construírme e destruírme*, posta en escena polos artistas portugueses Ana Boralho e João Galante, con quen colabora de xeito habitual. Os seus textos para escea están recollidos en *Tres poemas dramáticos* (Eds. Liliputienses, 2015).

Foi comisario e coordinador de diversos ciclos de artes performativas para o Museo de Arte Contemporánea de Vigo (MARCO) e Alhóndiga Bilbao, ademais de ser o director artístico de *Escenas do Cambio*, na Cidade da Cultura de Santiago de Compostela. Vive e traballa en Lisboa.



FAGAMOS PIÑA

DRAMA TURXENTE

Dramaturxente é un programa de apoio, fomento e promoción da dramaturxia galega contemporánea. Naceu non só co propósito de levar á escena textos de autoras e autores galegos, senón tamén co de desenvolver actividades de moi diversa índole que aumenten a visibilidade dos dramaturgos e dramaturgas galegas, dentro e fóra das nosas fronteiras. Así, este proxecto tivo nas Xornadas sobre Dramaturxia Galega —celebradas do 8 ao 10 de decembro de 2016 no Salón Teatro de Santiago de Compostela— o seu punto de partida idóneo. Un dos principais obxectivos deste encontro con algúns dos máis representativos dramaturgos, creadores, estudosos, críticos e editores en lingua galega era definir novas iniciativas susceptibles de seren desenvolvidas por parte do Centro Dramático Galego en prol da dramaturxia galega contemporánea. Froito destas xornadas preséntanse as actividades orientadas especificamente ao fomento e difusión das nosas dramaturgas/os: a lanzadeira, o obradoiro mestre e o obradoiro anual.

Por outra banda, as nosas coproducións desta temporada teñen como núcleo o traballo de autoras/es galegas/os contemporáneas/os. Eses son os casos tanto de *#camiños* (Esther F. Carrodegua) como de *Arnoia*, *Arnoia* (Xosé Luís Méndez Ferrín en versión de Quico

Cadaval). Así mesmo, as nosas residencias artísticas poñen novamente en valor a creadoras/es como Helen Bertels (*Amor*), Lorena Conde (*Afterparty*), Ernesto Is (*Exilio das moscas* e *Tras Tannhäuser*), Javier Martín (*O estado cru*), Avelina Pérez (*Deixa de tocala, Sam*) ou Marta Pérez (*Fémina Sapiens* e *Té con Kant*). Tamén a nosa actividade de exhibición no Salón Teatro recolle propostas escénicas a partir de *Bicos con lingua* e *Pelos na lingua*, a cargo dun grupo de autores galegos encabezados por Avelino González; *O Valo*, de Carlos Labraña; *A casa do avó*, de Cándido Pazó; *Ela*, de Juan Rodríguez e Laura Sarasola; *Animais de compañía*, de Eduardo Alonso; *Garaxe*, de Fernando Epelde ou *Seis cubos negros en corpo branco*, de Diana Mera.

E non deixemos de mencionar a nosa produción desta temporada, unha dramaturxia contemporánea a partir dun dos textos máis emblemáticos de Valle-Inclán, *Divinas palabras*.

Porque as nosas autoras e autores son os portadores da(s) nosa(s) historia(s); porque é urxente apoialos e reivindicarlos para entendérmonos mellor e para comprender o signo dos tempos que, desde este lugar no mundo que é Galicia, nos toca vivir. Fagamos piña.

Grupo DramaturXa

COORDINADO POR: Manuel Lourenzo

DATAS

Do 12 febreiro ao 20 xullo de 2018

Porque as nosas autoras e autores son as portadoras e os portadores da(s) nosa(s) historia(s); porque é urxente apoialos e reivindicarlos para entendérmonos mellor e para comprender o signo dos tempos que, desde este lugar no mundo que é Galicia, nos toca vivir. Fagamos piña.

Este grupo de dez dramaturgas e dramaturgos, seleccionadas/os por unha comisión constituída por profesionais do sector, reunirase periodicamente durante seis meses baixo a coordinación de Manuel Lourenzo. O seu obxectivo será reflexionar sobre a identidade galega, co fin de desenvolver cada un/ha delas/es unha peza teatral ao respecto. Sabemos de onde partirán, pero non ata onde poden chegar.

De entre estas dez pezas, seleccionaranse tres para ser levadas a escena conxuntamente, como unha nova produción propia do CDG.

MANUEL LOURENZO

(Ferreira do Valadouro, 1943), licenciado polo Institut del Teatre de Barcelona, está vinculado desde 1965 ao teatro independente como dramaturgo, director, actor, teórico, divulgador e grafista.

O seu obxectivo foi a creación dun teatro galego contemporáneo que non ignorase as súas raíces históricas nin estéticas. Fundou e impulsou grupos e compañías teatrais como O Facho (1965), Escola Dramática Galega (1978) ou Casahamlet (1997).

A súa extensa obra dramática iniciouse en 1969 con *Romerías ás Covas do Demo*. Conformouse con títulos como *Veladas indecentes* (1996), *A larva furiosa* (2003), *Suite Artabria* (2016) ou *As dunas* (2009).

Entre os premios recibidos destacan: Abrente (1978), Teatro de Cámara Ditea (1985), Rafael Dieste (1996, 1999), Premio Nacional da Cultura Galega de Artes Escénicas (2008), Otero Pedrayo (2011), Álvaro Cunqueiro (2009 e 2016) e o Premio Nacional de Literatura Dramática (1996).



Prazas: 10 dramaturgas/os

Total sesións e horas: 12 sesións. Total 60 horas

Grupo de traballo organizado en colaboración coa Asociación de Dramaturgas e Dramaturgos de Galicia **Драматурга**

Teatrhoxe

Pronto poderemos presentar a nova web do CDG, e con ela Teatrhoxe, un apartado no que publicaremos cada tres meses unha reflexión escénica ou pequena peza teatral sobre o tema de actualidade que cada autor/a escolla xunto cunha breve biografía e imaxe do/a autor/a correspondente.

Lanzadeira

Co obxectivo de ampliar a visibilidade das dramaturgas/os de Galicia e fomentar a posta en escena de textos galegos contemporáneos, faremos unha convocatoria pública na que se seleccionarán 10 autoras/es para facer unha breve presentación e lectura dun fragmento dun dos seus textos (obras en proceso ou xa escritas pero sen estrear). Esta presentación estará aberta ao público xeral, poñendo especial énfase nos profesionais do sector das artes escénicas.

Taller de Dramaturxia

Un dos talleres que será parte da actividade formativa do CDG nesta temporada estará orientado especificamente ás dramaturgas e dramaturgos galegos.

RESIDENCIAS

Os espazos e o persoal do Salón Teatro están dispoñibles para a realización destas residencias de duración variable, dependendo das necesidades das compañías solicitantes. A cesión estará suxeita á dispoñibilidade nas datas do pedimento. Ao igual que coas coproducións,

esta temporada temos a sorte de ter en residencia a artistas galegos dunha calidade xa indiscutible, pertencentes ás novas xeracións escénicas. Unha vez máis, tamén podemos dicir que tres destes catro proxectos teñen no seu núcleo novas dramaturxias galegas.



O EXILIO DAS MOSCAS

TEXTO E DIRECCIÓN: Ernesto Is

DIRECCIÓN: César No

ELENCO: Sonsoles Cordón, Dunia Díaz, Germán Gundín e Hugo Rodríguez

COLABORACIÓN ESPECIAL: Dionina Rodríguez

COMPañÍA: Feira do Leste

ESCENOGRAFÍA: César No

DESEÑO GRÁFICO: Javier Nistal

PRODUCCIÓN: Javier Lojo

DATAS: Residencia do 25 de setembro ao 1 de outubro de 2017.

Funcións 28 e 29 de setembro ás 20:30 h

Exilio das moscas. Esperto na metade dunha rúa que non recoñezo. Pecho os ollos. Camiño. Naufrago. Agardo. Esquézome. Selo o meu corpo. Entérrome. Recordo. Falo inglés / alemán / árabe / galego / francés. Retrocedo sobre as miñas pegadas. Pecho os ollos. Viaxo de polisón. Miro vellas fotografías. Lémbrome dun libro que lín de nena. Pecho os ollos. Bailo bailes sen orquestra. Xogo á guerra. Agardo por outro tren pantasma. Pecho os ollos. Penso. Síntome coma unha mosca voando cara a ningures. Pero... Unha mosca pode exiliarse?

Exilio das moscas é un proxecto vinculado ao teatro físico e ás linguaxes escénicas e audiovisuais, que pon sobre as táboas temáticas de total actualidade: a emigración e a inmigración, o feminismo, o racismo, os abusos de poder, a guerra, as raíces.

TRAS TANNHÄUSER

TEXTO E DIRECCIÓN: Ernesto Is

DIRECCIÓN: César No

ELENCO: Nerea Brey, Sonsoles Cordón e Carlota Mosquera

COLABORACIÓN ESPECIAL: Dionina Rodríguez

COMPañÍA: Feira do Leste

ESCENOGRAFÍA: José Faro "Coti"

ILUMINACIÓN: José Faro "Coti"

ASIST. COREOGRÁFICA: Fran Martínez

PRODUCCIÓN: Javier Lojo

DATAS: Residencia do 25 de setembro ao 1 de outubro de 2017.

Funcións 30 de setembro ás 20:30 h e 1 de outubro ás 18:00 h

Tannhäuser foi un poeta alemán. Tannhäuser é unha ópera de Wagner. Tannhäuser será sempre a porta espacial que Rutger Hauer describía na fermosa escena final de Blade Runner. Agora, Tannhäuser convértese nun salón barroco onde tres mulleres comparten mesa e mantel. Unha cea de amigas aparentemente común que deriva nunha tempestade de tolería e pon os seus apracibles mundos patas arriba. As tres mulleres inician unha viaxe que as levará polos angostos mares da súa intimidade ata chegar ao limiar da derradeira porta, a porta de Tannhäuser.



O ESTADO CRU

CREACIÓN & COREOGRAFÍA: Javier Martín

VESTIARIO: La Canalla

ILUMINACIÓN: Octavio Más

DATAS: Residencia do 2 ao 8 de outubro de 2017

Corpo e vibración. Seminario de artes do movemento con

Javier Martín. 4 de outubro de 2017 de 10:00 a 14:00 h

Taller organizado en colaboración cos programas "Arredor do son" do Festival Curtocircuíto e Galicia ProFilme da Agadic

Repertorio e improvisación. Conversatorio entre Antón Lopo e Javier Martín, con outros convidados. 4 de outubro de 18:00 a 20:00 h

O estado cru

Funcións 6 de outubro ás 20:30 h | 7 de outubro ás 19:00 h

*Encontro co público os dous días ao finalizar a función

A pausa, que facer coa pausa. A pausa éo todo, é o talón de Aquiles, é un punto de fuga, é a nosa oportunidade.

A enfermidade, a hipocondría, as alerxias son un resultado de non atreverse a ter inimigos: a estas alturas do baile, todos sabemos algo diso. Afronta o drama de vivir en estado cru!!... só crería nun deus que soubera bailar...

O estado cru, *Javier Martín*

O estado cru é un solo de danza baseado no traballo de improvisación a nivel de movemento e luz. É unha traxedia sutil, sen sangue. Unha traxedia no sentido clásico ou grego, na que se bailan esas situacións en que un olla para un inimigo coa animosidade do que ve no de enfronte os seus propios defectos. Unha montaña de rosas vermellas que se esborralla e remata estendida polo chan, a figura dun esqueleto a carón do bailarín, uns cornos de cervo... habitando un espazo de néboas onde sucede a danza. Estreada en outubro de 2010, foi destacada en 2016 polo catálogo Dance from Spain, editado pola Federación Estatal de Compañías e Empresas de Danza (FECED).



CHUVIÁ

TEXTO & DIRECCIÓN: Julio Fernández Peláez

ELENCO: Manu Dosouto, Roberto Leal e Alberto Rolán

COMPañÍA: Anómico Teatro

ESCENOGRAFÍA: Montse Piñeiro e Anómico Teatro

ILUMINACIÓN: Raquel Hernández e Pedro Fresneda

ASISTENTE DE DIRECCIÓN: Eva Alfonso González

DATAS: Residencia do 10 ao 15 de outubro de 2017.

Funcións 20 e 21 de outubro ás 20:30 h | 22 de outubro ás
18:00 h

Watt e Olf, dous homes cun marcado trazo intelectual, atopan na súa vivenda a un home espido e refuxiado baixo unha cadeira, un home do cal descoñecen todo, mesmo como chegou ata alí, e co que non chegarán a ter contacto, agás do visual, mais que despertará neles todo tipo de especulacións. Non é este, con todo, ou incidente de maior magnitude que sobrevén no día a día de Watt e Olf. De súpeto, e como nun soño, a cidade derrúbase, e vos tres homes volven atoparse non medio dous cascallos.

FÉMINA SAPIENS

TEXTO: Marta Pérez

DIRECCIÓN: María Caparrini e Marta Pérez

ELENCO: Marta Pérez e María Roja

COMPAÑÍA: Inversa Teatro

CREACIÓN PLÁSTICA: María Roja

VESTIARIO: CDG

DATAS: Residencia do 11 ao 17 de decembro. Funcións 14 de decembro ás 20:30 h | 15 de decembro ás 11:00 e ás 20:30 h

Sempre se dixo que descendíamos do Homo Sapiens pero, en aras da exactitude, diremos que en realidade vimos da Fémina Sapiens. Fémina Sapiens, un solo teatral entre o trágico e o cómico, en busca do anel perdido entre racionalidade e moralidade, pasando polos estadios íntimos de violencia nas tres relacións fundamentais: amizade, familia e amor. Unha paréntese para preguntarnos: é posible a evolución ou, pola contra, somos máis proclives á involución?

TÉ CON KANT

TEXTO: María Caparrini e Marta Pérez

DIRECCIÓN: María Caparrini e Marta Pérez

ELENCO: Marta Pérez e María Roja

COMPAÑÍA: Inversa Teatro

CREACIÓN PLÁSTICA: María Roja

VESTIARIO: CDG

DATAS: Residencia do 11 ao 17 de decembro. Funcións 14 de decembro ás 11:00 h | 16 de decembro ás 20:30 h | 17 de decembro ás 18:00 h

Té con Kant é un proxecto experimental que conxuga o ensaio filosófico e a creación escénica, xogando co humor e a ironía, para obter unha peza próxima ao formato de teatro-didáctico-conferencia.

Johanna Gottfried e Theodora Krauss son dúas mulleres ilustradas chegadas á nosa época nunha viaxe no tempo desde a Prusia do século XVIII. Unha vez aquí, tentarán exercer como axitadoras filosóficas coa pretensión de remover e promover a reflexión (e acción) dos espectadores ao redor da problemática moral nos nosos días, a partir das ideas do seu amigo o filósofo Immanuel Kant. A última palabra sobre o destino destes personaxes dependerá unicamente do público asistente, que deberá tomar unha decisión seguindo o imperativo categórico kantiano. Se pensar en soidade é unha proeza, en compañía é un atrevemento.

GARAXE

TEXTO: Fernando Epelde

DIRECCIÓN: Marta Pazos

ELENCO: Espectáculo participativo do que son protagonistas traballadoras da PSA Peugeot Citroën de Vigo e voluntarias de diferentes xeracións vencelladas coa fábrica

COMPAÑÍA: Voadora

COREOGRAFÍA: Guillermo Weickert

BAILARINA: Clara Ferrao

ILUMINACIÓN: Diego Villar

MÚSICA ORIXINAL: José Díaz, Fernando Epelde e Hugo Torres

PRODUCCIÓN: José Díaz

COPRODUTORES: Voadora e MA Scène Nationale-Pays du Montbéliard

COLABORACIÓNS: AECID, Embaixada Española en Francia

DENTRO DE: Festival Escenas do Cambio

ESTREA: 3 de febreiro de 2018 ás 20:30 h

DATAS: Residencia do 30 de xaneiro ao 2 de febreiro de 2018

Se a felicidade non é a meta, senón o camiño, posiblemente imos ter que mercar un coche.

Fernando Epelde

É certo que algunhas cancións soan mellor no coche?

Esta investigación poética ocúpase de todo o que pode chegar a suceder dentro dos automóviles, extensións dos nosos corpos e testemuñas mudas das nosas existenciais. Ao igual ca nós, suxeitos a revisións cada vez máis frecuentes, e tristemente presentes o día de autos —mira ti por onde— cando nos conducen ao noso destino final.

A compañía VOADORA segue explorando a utilidade do teatro, o seu vínculo co presente máis cotiá e o seu efecto transformador nas comunidades. Con este espectáculo, protagonizado por traballadoras da industria automobilística, presenciamos un choque frontal entre unha compañía de teatro e unha comunidade, desdibuxando os límites dese concepto sumamente abstracto que chamamos economía e a súa tradución aos pequenos espazos cheos de graxa e pezas de desgüace, onde se fragua a vida das persoas e a súa problemática na Europa contemporánea.

Este espectáculo estreouse en Francia no Théâtre de Montbéliard coa participación de persoas vinculadas á fábrica PSA Peugeot Citroën Sochaux, a máis antiga de Europa. Agora preséntase por primeira vez en España protagonizado por traballadoras vinculadas a PSA-Citroën de Vigo.

Voadora presenta un proceso de creación con artistas consolidados e actrices que non o son. Un novo proceso de creación que flirtea coa performance, dotado de intelixencia escénica e unha moi fina sensibilidade.



**DRAMA
TURXENTE**

AFTERPARTY

TEXTO & DIRECCIÓN: Lorena Conde

ELENCO: Lolo Castro, Gustavo Freire, Beatriz Romero e Inés Salvado. Con colaboradores sorpresa

COMPañÍA: A Feroz

ESCENOGRAFÍA: Cecilia Castro Mosquera e Álvaro G. Mallo

ILUMINACIÓN: A Feroz

ESPAZO SONORO: Manuel Abraldes

PRODUCCIÓN: Beatriz Romero

DATAS: Residencia. Do 5 ao 8 de febreiro

Estrea. 9 de febreiro ás 20:30 h

Funcións no Salón Teatro. 10 de febreiro ás 20:30 h e 11 de febreiro ás 18:00 h

Tiñan a festa preparada, dicían. Era para ti. A que che estaban montando ía ser de traca. Había de todo. E gratis. Estábancha a preparar a forza de levantarse ás sete seis días á semana, corenta e oito semanas ao ano, ano tras ano tras ano tras ano. Todo para que tiveras o que non tiveron, para que chegaras a onde non chegaron.

Desde 1975 xuróusenos que, se as notas non baixaban o ano seguinte, se non nos metiamos drogas e non nos xuntabamos con malas compañías, estaba todo feito. Pero non é. A cambio imos de pedrada en pedrada, recollendo os restos da festa para reconstruíndoa unha e outra vez. Somos a xeración que herdou os restos. Os que bebemos de vasos usados e comemos as sobras. Pero agora chegamos e, xa que estamos aquí, ímola montar.

Afterparty é un artefacto escénico no que a letra, a música, o espazo e o corpo medran á vez nun proceso de creación interdisciplinar. Unha peza que fala da decepción, do empeño na felicidade e das preguntas que se fai unha xeración que chegou tarde a todo. Nesta montaxe constrúese un relato emocional no que reina o espírito do lixo, do exceso posmoderno, do Estudo 54 ás 11.00 da mañá, dos restos das vodas de Canaan.



GRAN TEATRO PARA OS MÁIS PEQUENOS

Por segundo ano consecutivo, desde o CDG queremos apostar pola creación de novos públicos e, para facelo, debemos atender con especial esmero aos espectadores máis pequenos e tamén máis esixentes. Aproveitando que as nenas e os nenos teñen máis tempo no Nadal, ofrecémoslles algunhas das mellores propostas do noso teatro. Ademais, as acompañamos con talleres deseñados a partir do que se vai ver no escenario, e que teñen lugar dúas horas antes de cada función.

Así as rapazas e rapaces poderán librase dos seus pais e das eternas compras, aprenderán algo novo, entenderán moito mellor o espectáculo que van ver, e levarán a casa o resultado da súa actividade no taller.

**Non se precisa que un adulto acompañe o menor durante o taller, pero si durante a función.*

A casa do avó

TEXTO & DIRECCIÓN: Cándido Pazó

ELENCO: Miguel Borines Fernández, Andrés Giráldez Río e Eduardo R. Cunha "Tatán"

COMPAÑÍA: Tanxarina Títeres

ESCENOGRAFÍA: Pablo Giráldez "Pastor"

VESTIARIO: Carlos Alonso

DATAS: *Moita tea que cortar*. Taller de monicreques (30 prazas) 21 e 22 de decembro ás 17:00 h
Funcións 21 e 22 de decembro ás 19:00 h

Roberto recibe a noticia de que o seu avó vai quedar sen casa. Ante esta inxusta situación o neno ponse en marcha para atopar unha solución e, nesta busca, dispárase un mundo de pequenas e divertidas aventuras protagonizadas polas máis variadas personaxes. Un encontro cómico e poético que desemboca nun final feliz propiciado polo apoio solidario. Para nenas e nenos a partir de 6 anos.

Moita tea que cortar

Taller de monicreques

IMPARTIDO POR: Elea López

DATAS: xoves 21 e venres 22 de decembro de 17:00 a 19:00 h

Taller previo ás funcións de *A casa do avó* de Tanxarina.

Para contar unha historia é necesario crear os seus personaxes. Neste obradoiro, as cativas e cativos construírán o seu propio monicreque, descubríndoo entre un mundo infinito de materiais, formas e cores. Desenvolverán así destrezas motrices durante a fabricación e comezarán a deixar voar a súa imaxinación para crear a personalidade do seu monicreque, descubrir a súa voz, as súas emocións, o seu xeito de moverse. Ao tempo, adquirirán as ferramentas máis técnicas de construción de personaxes e de manipulación de monicreques para que ao ver a peza de *A casa do avó* a entendan moito mellor, e poidan seguir investigando na casa.

Ela

TEXTO: Juan Rodríguez Santiago e Laura Sarasola
Pontón

DIRECCIÓN: Caramuxo Teatro

ELENCO: Laura Sarasola, Juan Rodríguez e Suso Jalda

COMPAÑÍA: Caramuxo Teatro

ESCENOGRAFÍA ILUMINACIÓN & VESTIARIO: Caramuxo Teatro

DATAS: *Mallo en decembro*. Taller sobre Maruxa Mallo (30 prazas) 29 e 30 de decembro ás 17:00 h
Funcións 29 e 30 de decembro ás 19:00 h

Ela crea un mundo fantástico a través das cores, a arte e o universo creativo da pintora Maruxa Mallo. Unha mestura de poesía, humor, teatro e danza onde descubrir o imaxinario desta muller excepcional. Un poema plástico para gozar en familia. Para nenas e nenos a partir de 3 anos. Para nenas e nenos a partir de 3 anos.

Mallo en Decembro

Taller sobre Maruxa Mallo

IMPARTIDO POR: Elea López

DATAS: venres 29 e sábado 30 de decembro de 17:00 a 19:00 h

Taller previo ás funcións de *Ela* de Caramuxo.

Maruxa Mallo é unha das figuras máis importantes da Xeración do 27. Artista revolucionaria, foi unha transgresora da súa xeración e unha pioneira na arte moderna e no feminismo.

A partir de diferentes pezas súas, construiremos pequenas escenas e ambientes que nos permitan un achegamento á obra desta artista, así como ás técnicas de diferentes disciplinas escénicas.

Deste xeito as cativas e cativos serán máis coñecedores da figura desta artista e a súa obra antes de ver a peza de Caramuxo Teatro.

Prazas: 30 rapazas e rapaces a partir de 6 anos

Prezos: 5 € (fóra de bono de Nadal'17)

Total sesións e horas: 1 sesión. 2 horas por obradoiro

Animais de compañía

TEXTO & DIRECCIÓN: Eduardo Alonso

ELENCO: Inma Antón e Manuela Varela

COMPAÑÍA: Teatro do Noroeste

ESCENOGRAFÍA & VESTIARIO: Equipo Taetro

MÚSICA: Bernardo Martínez

COREOGRAFÍA: Julia Méndez

DATAS: *Soa igual a diferenza*. Taller de Espazo Sonoro

(30 prazas) 3 e 4 de xaneiro ás 17:00 h

Funcións 3 e 4 de xaneiro ás 19:00 h

Nunha terraza dun piso alto da cidade, desde a que se divisan os tellados dos demais edificios, unha cadela, Fedra, agarda a chegada da súa ama, Rebeca. Fai xa bastante tempo que Rebeca marchou e aínda non ten regresado. Fedra está preocupada. Mentres agarda, aparece polo muro da terraza Maxa, unha gata que vive ceibe nos tellados da cidade. Para nenas e nenos a partir de 6 anos.

Soa igual a diferenza

Taller de Espazo Sonoro

IMPARTIDO POR: Elea López

DATAS: mércores 3 e xoves 4 de xaneiro de 17:00 a 19:00 h

Taller previo ás funcións de *Animais de compañía* de Teatro do Noroeste.

Pode o son crear un espazo? Neste obradoiro traballaremos co espazo sonoro, creando diferentes lugares coa propia voz, con música, coa amplificación caseira, e xogando co silencio.

Trátase dun taller para crear espazos sonoros, explorando a súa relación coas emocións que xeran, incluso cando pasan desapercibidos.

Prezos e prazas: 5 € (fóra de bono de Nadal'17). 30 rapazas e rapaces a partir de 6 anos

Total sesións e horas: 1 sesión. 2 horas por obradoiro

ELEA LÓPEZ

Elea López formouse como actriz con Carlos Neira, Nuria Gullón, Débora Pérez e Sonia Méndez na Escola de Teatro e Danza *Espazo Aberto* de Santiago de Compostela, onde tamén recibiu formación en Danza Contemporánea con David Loira.

Ao longo da súa formación acudiu a cursos de texto e acción contemporánea, *clown*, loita escénica, danza, dramaturxia, voz, etc. con diversos profesionais das artes escénicas.

Comezou a súa traxectoria profesional coa interpretación de Winnie en *Os días felices* dirixida por Carlos Neira. En 2010 crea a súa propia compañía de teatro, GlupGlup Teatro, coa que realiza dúas montaxes infantís, unha dirixida por Petra Hoffman e outra por Marcos Ptt. A partir dese momento, participa en diversos espectáculos e performances con compañías como Nut Teatro, Duelirium, E-330 ou Hipócrita Teatro.

Actualmente compaxina a labor de actriz coa dirección de espectáculos e coa faceta de formadora en teatro e artes escénicas en *Espazo Aberto* (para nenos e nenas) e en Hipócrita Teatro (para adultos e nenos e nenas).

TEATRO OBSCENO

Despois do éxito de *Unha rosa entre as pernas*, que inaugurou no baño dos camerinos este ciclo de teatro fóra do escenario, esta temporada contamos con dúas novas propostas: *Amor* de Helen Bertels e *Deixa de tocala*, *Sam* de Avelina Pérez.

Lembremos que o noso teatro ob-sceno está pensado para dar cabida a aquelas propostas dunha duración

máis reducida do habitual, que precisen dun espazo alternativo ao escenario para a súa representación. Nesta ocasión, poderemos ver estas pezas no ambigú e no montacargas do teatro, respectivamente.

Ademais, reforzamos neste caso o noso apoio a estas formas un tanto máis alternativas, acollendo previamente ao equipo destas montaxes en residencia.

AMOR

CREACIÓN & ELENCO: Helen Bertels

ASIST. DE DIRECCIÓN: Gena Baamonde

ILUMINACIÓN: Paulina Funes

VESTIARIO: Vaello

PRODUCCIÓN: Belém Brandido

EN COLABORACIÓN CON: Festival ALT e A Regadeira de Adela

DATAS: Residencia do 14 ao 27 de maio de 2018.

Exhibición do 25 ao 27 de maio de 2018. Horario por confirmar

ESPAZO: Ambigú do Salón Teatro

Cal é a esencia da muller? Que fai mulleres ás mulleres? Que sabemos do misterio que levan dentro? O que quere compartir este espectáculo son pinceladas da busca dun saber perdido a través de séculos de patriarcado, que nalgunha parte agarda, para axudarnos a redescubrilas.

Para facelo, Bertels desenvolve o proxecto Agasállame un día da túa vida, consistente en pasar unha xornada completa con mulleres de todo tipo de procedencia xeográfica, cultural e social, para botar algo de luz á escuridade. A partir dese tempo compartido, elabora un retrato da muller visitada en palabras e imaxes que se materializará de xeito fotográfico, escrito, artístico e escénico.

AMOR, a proposta escénica na que se reflectirán as experiencias vividas, é un espectáculo en continuo cambio, que bebe destes días agasallados, e se vai transformando e medrando con cada nova experiencia.

Agasállame un día da túa vida e AMOR deron comezo en 2014, coa visita a Marina Azulgaray en Irún. Nese mesmo ano, AMOR contou co acompañamento e apoio da sección Procrea en Feminino dentro do festival ALT de Vigo.

DEIXA DE TOCALA, SAM

(Peza en construción)

CREACIÓN: Avelina Pérez

DATAS: Residencia do 14 ao 27 de maio de 2018.

Exhibición do 25 ao 27 de maio de 2018. Horario por confirmar

ESPAZO: Montacargas do Salón Teatro

O punto de partida desta creación ten lugar hoxe, agora, cando os referentes se esnaquizan contra o chan, nun golpe seco, e os varredores de lixo recollen o lixo nas bolsas para o lixo. Cando o príncipe de Dinamarca xa non nos salva...

FORMACIÓN

Continuamos en 2017-18 prestando atención á necesidade de formación continuada das/dos profesionais da nosa escena. Para levala a cabo, contamos novamente con valiosísimos apoios. Así, aquelas e aqueles que así o desexen, poden familiarizarse co traballo de Javier Martín grazas ao Festival Curtocircuíto e a Galicia ProFilme da Agadic; tamén podemos conversar con Javier Martín e Antón Lopo, entre outros, sobre a deriva da danza como arte escénica no noso territorio.

Reforzamos esta temporada a nosa colaboración con FEGATEA desenvolvendo un taller de iluminación e son orientado ás súas socias/socios.

Segue ademais a nosa colaboración co programa D10! de Pistacatro, cos que traemos este ano a Emilio Goyanes para impartir un obradoiro de fundamentos teatrais aplicados ao circo.

Ao longo de 2018 tamén desenvolveremos diferentes actividades en coordinación con DramaturGA, asociación de dramaturgas/os galegas/os no referente ao ámbito formativo das/os nosas/os autoras/ es.

De cara ao verán, contaremos ademais coa visita dun dos máis reputados mestres de voz e palabra do panorama peninsular: Vicente Fuentes.

Finalmente, parte das nosas actividades de formación estarán orientadas ao noso público. Para os máis pequenos teremos os talleres de monicreques, sobre Maruxa Mallo e de espazo sonoro, que terán lugar no teatro dúas horas antes das funcións de Nadal de *Gran teatro para os máis pequenos*. Á súa vez, ao igual que na temporada anterior, daremos continuidade aos encontros co público dos equipos artísticos das diferentes postas en escena. Por medio destes diálogos queremos solventar calquera dúbida ou consulta sobre as propostas escénicas, así como fomentar o intercambio de opinións entre artistas e espectadoras/es.

Corpo e vibración

IMPARTIDO POR: Javier Martín

DATAS: mércores 4 de outubro de 10:00 a 14:00 h

Unha superficie plana que abarcula xera as tres dimensións, o cóncavo e o convexo; se falamos dun medio metálico, os sons que proxectan estas superficies son estudados pola *ars tintinabula*, a arte de tocar as campás. O son é un modo da vibración —unha textura de movemento— que se propaga nun determinado espazo físico, o aire. Denomínase vibración á propagación de ondas elásticas producindo deformacións e tensións sobre un medio continuo (ou posición de equilibrio). Tal medio equilibra compresión con tensión e cede ás forzas que se lle aplican sen romper; respondendo á gravidade de maneiras interesantes —labirínticas— ao producir axustes que axudan a acomodar a situación, coma síntomas e sistemas eferentes que reorganizan a tensegridade do corpo. A vibración de fondo na textura dun corpo é nexo de cambio clave cara un outro paradigma relacional, outras calidades que cos seus graos de liberdade específicos sosteñen outro *locus* de control ou sistema conectivo, incorporando ao seu través información oportuna ou novos afectos.

Mecamística, Javier Martín

JAVIER MARTÍN

O coreógrafo Javier Martín desenvolve o seu proxecto de investigación arredor das artes do movemento a través da creación de discurso e a aplicación do mesmo en talleres e seminarios transdisciplinares, conferencias-performativas, grupos de investigación e, como motor e causa de todo, a creación de espectáculos. Desde 2004 estreou máis de 30 pezas en España, Francia, Rusia, Portugal, México e Ucraína. Recentemente foi artista residente en EIRA, Lisboa; Kannon House, San Petersburgo; Centro Canal, Madrid o MUN, Pamplona; e presentou os seus últimos proxectos en UNAM, Museo del Chopo, México; GogolFest, Kiev; CCCB, Barcelona; Teatro Circo, Braga; Pompidou, Málaga; Reina Sofía, Madrid; e a Universidade da Sorbonne, París entre outros.

Prazas: a inscrición no taller é gratuíta. 20 persoas maiores de 16 anos. Non se require experiencia previa en danza.

Total sesións e horas: 1 sesión. 4 horas

Taller organizado en colaboración co programa “Arredor do son” do Festival Curtocircuíto e con Galicia ProFilme da Agadic

Repertorio e improvisación

CONVERSA CON ANTÓN LOPO E JAVIER MARTÍN

DATA: mércores 4 de outubro de 18:00 a 20:00 h

O escritor, actor e editor Antón Lopo constrúe unha conversa con Javier Martín no escenario do Salón Teatro, acompañados os dous por distintos axentes do contexto escénico galego, convidados para a ocasión. Comezarase por un repaso á traxectoria creadora do coreógrafo e bailarín (investigacións en comunidade, experiencias, pezas...), que servirá como escusa para abordar cuestións sobre o exercicio da práctica creadora, abrindo a conversa a todos os presentes ao contexto das artes vivas. A través das experiencias particulares dos convidados pasarase a imaxinar, divulgar e reivindicar os distintos usos dos espazos teatrais, museísticos e académicos: residencias, prácticas, programación expandida, itinerarios formativos, etc.; prestando atención a como se conxugan hoxe as ideas de repertorio, novidade e improvisación.

ANTÓN LOPO

Antón Lopo (Monforte de Lemos, 1961), xornalista e *performer*, é un escritor poliédrico que ten cultivado tanto a poesía como a narrativa, igual o teatro que o ensaio e incluso a tradución.

Ferroviano hai tempo e actor de dobraxe, foi durante máis de vinte anos o coordinador da moi premiada Revista das Letras, suplemento referencial dentro do ámbito literario galego que publicaba o xa desaparecido Galicia Hoxe.

Artista interdisciplinar, fundou xunto á escritora e xornalista Ana Romaní o Laboratorio de Indagacións Poéticas e forma parte do colectivo de intervención sociocultural Redes Escarlata. Actualmente é o crítico teatral do *Diario cultural* da Radio Galega.

Nos últimos anos intensificou a súa actividade como *performer*, hibridando o versal e o escénico en intervencións das que tamén participan a fotografía, o vídeo, a instalación e a memoria.

Prazas: ata completar a capacidade da sala

Prezos: entrada gratuíta

Total sesións e horas: 1 sesión. 2 horas

Na corda frouxa

Fundamentos de teatro aplicados aos espectáculos de circo

IMPARTIDO POR: Emilio Goyanes

DATAS: do luns 4 ao mércores 6 de decembro de 9:00 a 15:00 h

Hai aproximadamente 25 anos entramos nun proceso moi frutífero para as artes escénicas: a mestura de disciplinas (teatro, danza, circo, música) para xerar novas linguaxes. O teatro, como ingrediente capaz de dotar de contexto aos demais, atópase no centro deste proceso. Pero a verdadeira mestizaxe de disciplinas debe darse na/no propia/o artista.

A procura da intelixencia común, a espontaneidade unida á disciplina, a composición consciente do espazo, o uso das imaxes como fonte das emocións, a emoción coma un músculo, a biomecánica do movemento como límite e fonte de liberdade, a liberdade dentro de límites moi concretos, o director/a como guía flexible e aberta á creatividade dos outros, o uso da enerxía e a tensión muscular como porta cara á emoción.

Profundar cos artistas de circo nestes fundamentos, que só poden comprenderse en profundidade desde a experiencia, é básico para abrir unha porta a outros territorios. Pensemos no teatro como esa porta para alcanzar unha visión máis global do feito escénico e comprender mellor os principios que rexen as súas propias técnicas.

EMILIO GOYANES

Actor, autor, director, produtor e pedagogo, Emilio Goyanes desenvolve a súa actividade profesional desde 1983. Especializado en teatro físico, creación e *clown*, ten participado nun total de 57 espectáculos. Fundador das compañías Cambaleo en 1982 e Laviebel en 1992, ven desenvolvendo desde 1984 unha intensa actividade pedagóxica para artistas de circo, teatro e danza en Asturias, Euskadi, Andalucía, Madrid e Aragón. En 2011 foi profesor de teatro na Escola de Circo de Granada CAU.

Finalista como Mellor Director nos Premios ADE 2009, gañou o Premio de Teatro Musical de Madrid en 2011 ao Mellor Director de Teatro Musical. Coa súa compañía Laviebel obtivo, entre outros, o Premio Max 2009 ao Mellor Espectáculo de Teatro Musical por *Cabaret líquido* e o Premio Max 2011 á Mellor Dirección Musical por *A barraca do zurdo*.

Prazas: 15 persoas maiores de 16 anos. Taller destinado a profesionais das artes escénicas. Terán preferencia aquelas persoas con experiencia profesional previa en circo ou estudantes de circo

Prezo: 50 €

Total sesións e horas: 3 sesións. 18 horas

Taller organizado en colaboración co programa D10! de Pistacatro

Novas tecnoloxías

Iluminación e son para teatro

IMPARTIDO POR: Juan José Amado

DATA: sábado 2 de decembro de 10:00 a 14:00 h e de 16:00 a 20:00 h

Neste taller farase unha introdución ao manexo de focos led e móbiles robotizados, á gravación de deseños de iluminación para postas en escena co software de luces *MagicQ pc*, e ao software de manipulación audiovisual *Resolume*.

JUAN JOSÉ AMADO

Especializado en Psicoloxía Clínica, Juan José Amado comezou a colaborar como axudante técnico co Centro Dramático

Galego no ano da súa creación. Entre 1985 e 1990 traballou con diferentes compañías teatrais como técnico de iluminación, son e tremoia. Entre elas podemos mencionar Teatro do Malbarate, Teatro do Noroeste, Tranvía Teatro ou O Moucho Clerk.

Desenvolve a súa labor como técnico de iluminación e son no CDG desde 1987, pasando a ocupar a praza que cubre actualmente de técnico de iluminación do Igaem/Agadic en 1992.

Como deseñador de iluminación, puidemos ver os seus traballos en diversas montaxes do CDG, de compañías como Teatro do aquí, Teatro do Antroido ou Malasombra, en concertos e festivais.

Prazas: 24 persoas maiores de 16 anos

Prezo: 15 €

Taller destinado ás socias e socios de FEGATEA, Federación Galega de Teatro Afeccionado

Total sesións e horas: 1 sesión. 8 horas

Taller organizado en colaboración con FEGATEA

A palabra en acción

IMPARTIDO POR: Vicente Fuentes

DATAS: do luns 4 ao venres 8 de xuño de 10:00 a 15:00 h

Partindo do traballo da palabra que vén desenvolvendo ao longo da súa traxectoria profesional en centros como a Compañía Nacional de Teatro Clásico, o Teatro de La Abadía e a RESAD de Madrid, Vicente Fuentes ofrecerá á actriz/actor unha serie de exercicios que lle permitirán un uso máis elocuente, eficaz e virtuoso do texto, traballando con elementos como a conexión entre o impulso e a respiración, a articulación e a entonación, os portadores de sentido, a visualización, as sensacións e os mecanismos de acción-reacción, tendo sempre a palabra como foco.

En paralelo, dirixirá un adestramento vocal en grupo e realizará un *coaching* individual aplicado ao texto concreto de escenas, que se traballarán por parellas. Este taller está polo tanto orientado a todas aquelas persoas interesadas en desenvolver unha meirande destreza no manexo da fala escénica.

VICENTE FUENTES

Vicente Fuentes cursou estudos con Roy Hart (pasando a formar parte do Roy Hart International Center en Francia) e en Stratford con Cicely Berry (directora vocal da Royal Shakespeare Company). É doutor pola Universidade de Alcalá en Teoría, Historia e Práctica do Teatro; Catedrático Emérito de Voz e Linguaxe da RESAD, e Asesor de Verso da Compañía Nacional de Teatro Clásico, onde tamén forma parte do laboratorio para a formación dos novos actores de La Joven.

Traduciu e adaptou ao castelán dous libros fundamentais da súa mestra Cicely Berry: *La voz y el actor*, publicado por Alba, e *Texto en acción*, xunto co equipo de Fuentes de la Voz, aparecido en Fundamentos. Desde 2013 combina as súas labores didácticas e de investigación co seu propio proxecto, o centro de estudos e investigación Fuentes de la Voz.

Prazas: 25 persoas maiores de 16 anos. Taller destinado a actrices e actores profesionais

Prezos: 95 € para participantes | 60 € para participantes membros da AAAG e da asociación de Artistas de Circo, estudantes e desempregados (é necesario acreditar a condición) | 45 € para ouvintes

Total sesións e horas: 5 sesións. 25 horas

PUBLICACIÓNS

O PAPEL DO TEATRO

Con esta serie de publicacións quérese dar continuidade á edición de textos teatrais en galego que se viña facendo por parte do Centro Dramático Galego desde os seus comezos. Nesta ocasión, non se trata de editar de xeito sistémico todos aqueles textos levados á escena polo CDG, senón os que non estiveran previamente editados en soporte papel.

Esta colección, que se abriu a temporada pasada con *Tartufo*, recolle ademais información seleccionada sobre a posta en escena das obras, pero sen deixar de apelar á esencia do feito editorial respecto á publicación de textos teatrais, e tendo sempre en mente os lectores potenciais. Ademais de *Martes de Carnaval*, xa publicado no verán de 2017, seguiremos coa nosa colaboración con Edicións Positivas para o novo volume desta colección, *Divinas palabras*.

DIVINAS PALABRAS

AUTOR: Don Ramón María del Valle-Inclán

VERSIÓN: Manuel Cortés e Xron a partir dunha tradución de Manuel Cortés

TRADUCCIÓN: Manuel Cortés

COEDICIÓN: Edicións Positivas e Xunta de Galicia

EXHIBICIÓ

Na presente temporada temos o pracer de albergar no Salón Teatro propostas de índole moi diversa, algunhas delas por primeira vez e outras como froito da

colaboracións de longo termo coas diferentes institucións culturais da cidade. Todas elas coa difusión da cultura galega como principal obxectivo.

O valo | Edicións Xerais (editorial) e Pallasos en Rebeldía (compañía) **PRESENTACIÓN E FUNCIÓN**

TEXTO: Carlos Labraña | **PRESENTACIÓN CON:** Romina Bal (especialista en literatura infantil e xuvenil-blog Brabádegos), Manuel Bragado (director de Edicións Xerais), Nuria Díaz (Ilustradora), Camilo Franco (crítico teatral) e Carlos Labraña (autor) | **ELENCO:** Saleta Fernández e Fran Rei | **ESCENOGRAFÍA:** Kukas | **VESTIARIO:** KUKAS E Chus Aldrey | **MÚSICA ORIXINAL:** Jerry Noia | **PRODUCCIÓN:** Pallasos en rebeldía e Culturativa SCG

No medio dun deserto, que se estende até onde alcanza a nosa vista, o Soldadiño de chumbo chanta unha bandeira e coloca un valo de arame, xusto onde no seu mapa marca a fronteira. Do outro lado, Sahara, a rosa do deserto, unha rapaza abandonada que foxe da guerra, trata de convencelo de que a deixe pasar, xa que está procurando un pozo onde saciar a súa sede. Xaora, sentados de costas, mirando as estrelas fugaces no firmamento, Sahara e o Soldadiño comparten idéntico ceo e comprenden que só na procura dos seus soños atoparán a liberdade. Peza dun único lance para dous personaxes, *O valo* propón unha emocionante reflexión sobre a igualdade e a paz entre todas as persoas e comunidades. Premio Manuel María de Literatura Dramática Infantil 2016 da Agadic, o xurado destacou "o carácter sobresaliente" desta peza que ten a guerra de Siria como pano de fondo.

DATAS

19 de outubro **PRESENTACIÓN** ás 20:00 h | **FUNCIÓN** ás 20:30 h | **ENCONTRO CO PÚBLICO** ao termo da función

Premios Gaudí | Academia Galega do Audiovisual [AGA]

Proxección dos filmes gañadores dos Premios Gaudí 2017, outorgados pola academia do Cinema Catalán.

DATAS

23 de outubro ás 18:00 h *Timecode*

Dirixida por Juanjo Giménez

23 de outubro ás 20:00 h *Ozzy*

Dirixida por Alberto Rodríguez e Nacho La Casa, escrita por Juan Ramón Ruiz de Somavía e producida por Arcadia Motion Pictures, Pachacamac Films AIE, Capitán Araña e BD Animation

24 de outubro ás 18:00 h *Ebre, del bressol a la batalla / Ebro, do berce á batalla*

Dirixida por Román Parrado, escrita por Eduard Sola e producida por Setmàgic Audiovisual, Televisió de Catalunya e Enciende TV

24 de outubro ás 20:00 h *La propera pell / La próxima piel*

Dirixida por Isaki Lacuesta e Isa Campo, escrita por Isa Campo, Isaki Lacuesta e Fran Araújo e producida por Corte e Confección de Películas, La Termita Films, Sentido Films e Bord Cadre Films

25 de outubro ás 18:00 h *Alcaldessa / Alcaldesa*

Dirixida por Pau Faus, escrita por Pau Faus e Ventura Durall e producida por Nanouk Films

25 de outubro ás 20:00 h *Un monstruo viene a verme / Un monstruo ven a verme*

Dirixida por Juan Antonio Bayona, escrita por Patrick Ness e producida por A Monster Calls AIE, Telecinco Cinema, Apaches Entertainment e Películas La Trini

Bicos con lingua | Talía Teatro

TEXTO: Avelino González, Cándido Pazó, Xavier Lama, Suso de Toro, Ana Iglesias, Núñez Singala, Marta Echeverría |
DIRECCIÓN: Avelino González | **ELENCO:** Toño Casais e Artur Trillo | **ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO:** Carlos Alonso |
ILUMINACIÓN: Dani Trillo

Este espectáculo nace dun forte sentimento de amor cara a algo tan propio coma é a nosa lingua. Non se trata en ningún momento dun exercicio de victimismo, nada máis lonxe da nosa intención, senón de afondar nun problema real e, certamente, preocupante. Así, pretendemos que esta montaxe supoña para o espectador unha experiencia de redescubrimiento dunha lingua que existe e que medra na súa inmensa riqueza, a pesar dos usos e abusos aos que está sometida de cotío.

DATA

24 de outubro ás 10:30 e 12:00 h

Pelos na lingua | Talía Teatro

TEXTO: Avelino González, María Ordóñez, Artur Trillo e Séchu Sende | **DIRECCIÓN:** Avelino González | **ELENCO:** Toño Casais, María Ordóñez e Artur Trillo | **VESTIARIO:** Marcia Edletisch | **ILUMINACIÓN:** Dani Pais | **MÚSICA:** Mano Panforreteiro | **COREOGRAFÍA:** Ánxela Blanco

Un divertido espectáculo-collage que fala en clave positiva da situación crítica que está vivir a lingua galega. Pelos na lingua vai destinado a todo o mundo (e non esaxeramos), independentemente da súa posición respecto á lingua: aos galego falantes, aos que non o son, aos que queren selo pero non se atreven, aos que si queren selo e tomaron esa determinación, aos que non o falan porque non o saben falar ben, aos que lles dá igual que se fale ou non, aos que pensan que o galego debería ser a lingua universal, aos que pensan que debería ser o inglés a lingua universal, aos que cren que a maioría dos galegos falan castelán, aos que cren que a maioría dos galegos falan galego, a políticos, a mestres, a alumnos, a actores, a actrices, a carpinteiros, a carpinteiras, a todos e a todas.

DATA

25 de outubro ás 10:30 e 12:00 h

Festival Agustín Magán 17 | Federación Galega de Teatro afeccionado [FEGATEA]

DATAS

Do 30 de outubro ao 1 de novembro ás 21:00 h

Estórias ao pé dum carvalho | Associação Galega da Língua [AGAL]

CREACIÓN & INTERPRETACIÓN: Quico Cadaval

DATA

2 de novembro ás 20:30 h

Neste novo encontro coa narración oral, poderemos gozar dunha contada a cargo de Quico Cadaval sobre historias de Galicia, tendo como punto de partida o libro "Scórpio" de Ricardo Carvalho Calero.

CINEUROPA | Concello de Santiago de Compostela

Desde 1988 Compostela vive a súa peculiar cita cinéfila. Cineuropa é cinema en estado puro. É probablemente o certame de meirande duración temporal do circuíto: durante todo o mes de novembro pásase revista ao mellor cinema da tempada, desde os premios de Cannes, Berlín, Venecia ou San Sebastián, ata o pequeno cinema alternativo, reunindo os grandes nomes, os novos realizadores, o xénero documental e a proxección de copias especialmente restauradas para este festival non competitivo, alleo aos intereses económicos, pensado exclusivamente para deleite do espectador.

DATAS

Do 7 ao 28 de novembro

Música e movemento partillados. II Encontro Universitario de Artes escénicas e musicais | Aula de Teatro da USC

Organizado pola Universidade de Santiago de Compostela, xunto coas universidades do espazo eurorrexional Galicia-Norte de Portugal (A Coruña, Vigo, Minho, Porto e Tras-os-Montes-Alto-Douro), neste encontro as seis universidades implicadas partillarán as súas experiencias artísticas e culturais, á vez que as mostrarán á comunidade universitaria ao público xeral de Santiago.

DATA

29 de novembro ás 20:00 h

Möbius | Miguel Gigosos

CREACIÓN: Miguel Gigosos e Iris | **ELENCO:** Miguel Gigosos | **CREACIÓN MUSICAL:** Frederika Alesina | **DIRECCIÓN TÉCNICA:** Vincent Guillet

Benvido ao meu labirinto imaxinario. Aquí temos unha forma de vivir a vida cando as cousas non suceden como estaba previsto. Aquí temos un solo de malabares atípico, cunha trama e linguaxe propios. Nus corporais, decenas de pelotas rosa intenso, contorsións e sorpresas. Semella que todo é posible!

DATA

1 de decembro ás 20:30 h

Pum, Pum! | Baobab Teatro

TEXTO: Andrea Bayer | **DIRECCIÓN:** Óscar Ferreira | **ELENCO:** Andrea Bayer e Davide González | **ESCENOGRAFÍA:** Óscar Ferreira | **VESTIARIO:** Baobab Teatro | **ILUMINACIÓN:** Daniel Abalo | **MÚSICA:** Davide González e Elena Paz [Nana]

Marieta é unha nena coma calquera nena de 5 anos. Está rodeada de portas, portas que se abren e contan historias. Historias que teñen música e cantan cando Marieta quere. Pero Marieta ten unha porta que garda un segredo. Un segredo que nunca contou e ninguén escoitou, por iso Marieta ás veces non fala e queda calada, por iso Marieta sempre se enfada, por iso desde hai tempo ten pesadelos e máis pesadelos.

Pum, Pum! é un espectáculo tenro que fala de historias cotiás que lles pasan ás nenas/os destas idades, pero tamén fala dunha mensaxe moi clara: Desde moi pequenas/os teñen que saber que ninguén lles pode obrigar a facer cousas que non queren.

DATA

18 de decembro ás 10:00 e ás 12:30 h

Réquiem por un monicreque | Os monicreques de Kukas

TEXTO: Roi Vidal Ponte | **DIRECCIÓN:** Isabel Rei | **ELENCO:** Miguel Cabaleiro, Isabel García, Borxa Insua e Marcelino de Santiago | **DESEÑO DE MARIONETAS, ESCENOGRAFÍA E VESTIARIO:** Marcelino de Santiago *Kukas* | **ILUMINACIÓN:** Miguel Cabaleiro e Isabel Rei | **INTERPRETACIÓN DA *Marcha fúnebre para unha marioneta*:** Zoar Ensemble, *Je veux vivre*: Paula Rei | **ASISTENTE DE DIRECCIÓN:** Roi Vidal Ponte

Estamos nun teatro á italiana coa súa decoración burguesa típica de finais do século XIX. Vai chegando o público que toma asiento nos seus palcos, mentres os músicos afinan e os cantantes quantan as súas voces. Soa o último timbre e comeza a representación da ópera *Romeo e Xulieta* de Gounot, V acto da morte dos amantes de Verona. Ao remate, unha voz radiofónica anuncia a representación dun crime que sucedeu, na Scala de Milán no ano 1968, ao remate desta ópera. A partir de aí, todo un xogo de intrigas, miserias e vaidades desenvólvese ante o espectador que, sen aviso previo, poderá ver non só o que sucede sobre o escenario, senón tamén o que acontece entre caixas, nese espazo reservado para artistas, técnicos e misterios sen resolver.

DATAS

11 e 12 xaneiro ás 10:30 e ás 20:30 h | 13 de xaneiro ás 20:30 h | 14 de xaneiro ás 18:00 h

Erori | CAIR Compañía de Circo

DIRECCIÓN: Natalia Outeiro | **ELENCO:** Arile Azkue, Alejandro Costas, Santiago Montero e Óscar Páez | **ESCENOGRAFÍA:** José Perozo | **ILUMINACIÓN:** Xacobo Castro | **MÚSICA ORIXINAL:** Pablo Prego

Catro persoas perseguen o mesmo maletín. Para alcanzalo pasarán por caídas, golpes, malabares e acrobacia, desde un humor sinxelo, universal e para todos os públicos.

Esta peza busca sensibilizar á comunidade escolar respecto ás conductas máis habituais contrarias á convivencia, percibidas polo alumnado de ensinanzas obrigatorias dentro do programa Estratexia Galega de Convivencia Escolar 2015-2020 que promove a Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

DATAS

2 e 3 de maio ás 11:00 h | 4 de maio ás 11:00 e ás 20:30 h | 5 de maio ás 20:30 h | 6 de maio ás 18:00 h

Seis cubos negros en corpo branco | Aporía Escénica

DIRECCIÓN & TEXTO: Diana Mera | **ELENCO:** Nerea Brey, Lucía Hernández, Diana Mera, Marta Pérez, Rosa Puga e María Salgueiro | **ESCENOGRAFÍA:** Diana Mera | **VESTIARIO:** Carlos Pinilla | **ILUMINACIÓN:** Javier Quintana | **MÚSICA ORIXINAL:** Pablo Prego

Asistiremos á desconxelación de seis actrices, que habitan un espazo en branco e negro, subxugadas pola presenza do frigorífico, a cabalo entre a era analóxica e a dixital.

Traxicomedia sobre a opresión familiar cun claro vínculo co universo lorquiano de *A casa de Bernarda Alba*.

DATAS

10 de maio ás 12:00 e ás 20:30 h | 11 de maio ás 11:30 e ás 20:30 h | 12 de maio ás 20:30 h | 13 de maio ás 18:00 h

Nómades | Xarope Tulú

DIRECCIÓN: Gena Baamonde | **ELENCO:** Atenea García, Fran Martínez e María Rodríguez Piñeiro | **ESCENOGRAFÍA, ILUMINACIÓN E MÚSICA:** Nicolás Zamorano | **COREOGRAFÍA:** Diego Martínez | **MÚSICA ORIXINAL:** Pablo Prego

Desde que teño recordo pasei horas mirando cara arriba, por iso miña nai di que vivo nas nubes. O certo é que, co tempo, a miña relación con elas fíxose cada vez máis estreita. Contábanme cousas que non entendía. Dician *Somos nómades, transitamos sen morada nin corpo fixo. Habitamos a beleza do diverso, esa beleza que dá cor aos outros corpos e facilita a aparición de novas tonalidades, texturas e xeitos de vivir. Onde non existe un corpo equivocado, onde é posible imaxinarnos en abstracto.*

Hai días que canso de escoitar aos terrestres falar do que existe e non existe, do que debe e non debe existir... Eses días gustaríame ser unha nube. Se cadra, aquí abaixo, é preciso unha persoa gasosa.

Nómades é un espectáculo familiar onde o movemento, a música e a palabra nos convidan a viaxar por paisaxes singulares. Este é un espectáculo que fai preguntas sobre a identidade das persoas e os factores que se poñen de manifesto na construción desa identidade.

DATAS

Do 29 de maio ao 3 de xuño. Horarios por confirmar

Mostra de Cinema Etnográfico | Museo do Pobo Galego

Proxección dos filmes seleccionados para a Mostra de Cinema Etnográfico organizada polo Museo do Pobo Galego. Poderanse ver propostas que teñan como intención primordial mostrar aspectos relacionados coas distintas realidades socioculturais e os xeitos de vivir e de entender a vida no seo dunha comunidade. Abrangue filmes que teñan como foco principal as persoas, os grupos sociais ou procesos históricos relevantes relacionados coa antropoxía e a etnografía.

DATAS

8 e 9 de xuño

Galicia EscenaPRO

O Salón Teatro alberga de novo unha parte importante de Galicia Escena PRO (GEP), o mercado galego das artes escénicas que cada ano organiza en Santiago de Compostela a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic) da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. A través dunha escolma de espectáculos de recente produción e dun programa de actividades paralelas, esta iniciativa tómallo o pulso á actualidade do sector en Galicia. Ao tempo, bríndalles aos seus profesionais unha plataforma desde a que expoñer os seus novos traballos diante do público xeral e dos programadores e demais axentes culturais.

Xunto coa súa faceta de exhibición, Galicia Escena PRO artículase como punto de encontro profesional que busca estimular a dinámica comercial do sector, así como a proxección social da creación escénica.

DATAS

Do 11 ao 14 de xuño

Audiovisual | Conecta FICTION

DATAS

Do 19 ao 21 de xuño

Programa de proxeccións no marco deste encontro promovido pola Xunta de Galicia, a través da Agadic xunto coa Fundación SGAE e ICEX España Exportación e Inversiones, para poñer en contacto a produción e a distribución de series televisivas de Europa, América Latina e EE.UU. de fala hispana.

Teatro | Down Compostela

Formado actualmente por 19 actores e actrices e dirixido por Lucas Herrador, o Grupo de Teatro Down Compostela nace en 2009 ca adaptación da obra *Alicia no país das marabillas* estreada no Auditorio de Galicia de Santiago de Compostela. Desde esta data ata a actualidade ensaiáronse e representáronse 8 obras mais, cada ano una obra diferente: *Esopo e as súas fábulas* (2010), *Romeo e Xulieta* (2011), *Fuenteovejuna* (2012), *Vodas de sangue* (2013), *As probas de Hércules* (2014), *Só ante a Perigos* (2015), *Búscame a ese tipo* (2016) e *Arturo, Arthur, Artur* (2017).

DATAS

Pendientes de confirmar

CARTELEIRA ST

SETEMBRO

Residencia / Coprodución
Do luns 4 ao domingo 24
A Panadaría

Residencia
Do luns 25 ao mércores 27
Feira do Leste

Teatro
0 xoves 28 e venres 29
Feira do Leste ***0 exilio das moscas***

Teatro
0 sábado 30
Feira do Leste ***Tras Tannhäuser***

OUTUBRO

Teatro
Domingo 1
Feira do Leste ***Tras Tannhäuser***

Residencia
Do luns 2 ao xoves 5
Javier Martín

Formación
Mércores 4
Javier Martín ***Corpo e vibración***
Obradoiro de movemento
Repertorio e improvisación
Conversa

Danza
Venres 6 e sábado 7
Javier Martín ***0 estado cru***
Encontros co público ao termo das funcións

Residencia
Do martes 10 ao domingo 15
Anómico Teatro

Presentación/Teatro
Xoves 19
Pallasos en Rebeldía e Culturactiva SCG
0 valo de Carlos Labraña

Teatro
Do venres 20 ao domingo 22
Anómico Teatro ***Chuvia***

Cinema
Do luns 23 ao mércores 25
Academia Galega do Audiovisual
Premios Gaudí

Teatro
Martes 24
Talía Teatro ***Bicos con lingua***

Teatro
Mércores 25
Talía Teatro ***Pelos na lingua***

Teatro / Coprodución
Do xoves 26 ao domingo 29
A Panadaría ***Elisa & Marcela***

Teatro amador
Luns 30 e martes 31
Festival Agustín Magán

NOVEMBRO

Teatro amador
Mércores 1 de novembro
Festival Agustín Magán

Contacontos
Xoves 2 de novembro
Quico Cadaval ***Estórias ao pé dum carvalho***

Cinema
Do martes 7 ao martes 28
Cineuropa

Teatro amador
Mércores 29
Universidade de Santiago de Compostela
II Encontro Universitario de Artes Escénicas e
Musicaís. ***Música e movemento partillados***

DECEMBRO

Circo

Venres 1

Miguel Gigos *Möbius*

Formación

Sábado 2

Juan José Amado. *Novas Tecnoloxías. Iluminación e son para o Teatro*

Ensaio aberto

Luns 4

A Feroz *Afterparty*

Formación

Do luns 4 ao mércores 6

Emilio Goyanes *Taller. Na corda frouxa*

Residencia

Do luns 11 ao mércores 13

Inversa Teatro

Teatro

Xoves 14 e venres 15

Inversa Teatro *Fémina Sapiens*

Teatro

Xoves 14, sábado 16 e domingo 17

Inversa Teatro *Té con Kant*

Gran teatro para os máis pequenos + TALLER

Xoves 21 e venres 22

Tanxarina *A casa do avó*

Gran teatro para os máis pequenos + TALLER

Venres 29 e sábado 30

Caramuxo *Ela*

XANEIRO



Gran teatro para os máis pequenos + TALLER

Xoves 3 e venres 4

Teatro do Noroeste *Animais de Compañía*

Teatro

Do xoves 11 ao domingo 14

Os monicreques de Kukas

Réquiem por un monicreque

Residencia / Coprodución

Do luns 15 ao martes 23

ButacaZero

Teatro / Coprodución

Do mércores 24 ao domingo 28

ButacaZero *#camiños*

Residencia

Martes 30 e mércores 31

Voadora *Garaxe*

Festival Escenas do Cambio

FEBREIRO

Residencia

Xoves 1 e venres 2

Voadora

Festival Escenas do Cambio

Teatro

Sábado 3

Voadora *Garaxe*

Festival Escenas do Cambio

Residencia

Do domingo 5 ao xoves 8

A Feroz

Teatro

Do venres 9 ao domingo 11

A Feroz *Afterparty*

Ensaaios

Do luns 12 ao mércores 28

Produción propia CDG. *Divinas palabras*

MARZO

Ensaaios

Do xoves 1 ao sábado 31

Produción propia CDG. *Divinas palabras*

ABRIL

Ensaaios

Do domingo 1 ao mércores 11

Produción propia CDG. *Divinas palabras*

Estrea

Xoves 12 de abril

Produción propia CDG. *Divinas palabras*

Funcións

Do venres 13 ao domingo 29

Produción propia CDG. *Divinas palabras*

MAIO

Circo

Do mércores 2 ao domingo 6

CAIR Circo ***Erori***

Teatro

Do xoves 10 ao domingo 13

Aporía Escénica ***Seis cubos negros en corpo branco***

Residencia / Teatro Ob-sceno

Do luns 14 ao xoves 24

Helen Bertels

Residencia / Teatro Ob-sceno

Do luns 14 ao xoves 24

Avelina Pérez ***Deixa de tocala, Sam***

Teatro Ob-sceno

Do venres 25 ao domingo 27

Helen Bertels ***Amor***

Avelina Pérez ***Deixa de tocala, Sam***

Residencia

Do luns 28 ao mércores 30

Xarope Tulú

Teatro

Xoves 31

Xarope Tulú ***Nómades***

Xira

Do martes 1 ao xoves 31

Produción propia CDG ***Divinas palabras***

XUÑO

Teatro

Do venres 1 ao domingo 3

Xarope Tulú ***Nómades***

Formación

Do luns 4 ao venres 8

Vicente Fuentes ***A palabra en acción***

Cinema

Venres 8 e sábado 9

Mostra de Cinema Etnográfico

Teatro

Do luns 11 ao xoves 14

Galicia Escena PRO

Audiovisual

Datas pendentes de confirmar

Conecta FICTION

Teatro Amador

Datas pendentes de confirmar

Down Compostela

Xira

Do venres 1 ao sábado 30

Produción propia CDG. ***Divinas palabras***

XULLO

Xira

Do domingo 1 ao domingo 15

Produción propia CDG. ***Divinas palabras***

Residencia

Do luns 16 ao martes 31

Coprodución CDG Pistacatro

AGOSTO

Pechado por vacacións

SETEMBRO

Residencia

Do luns 3 ao domingo 30

Coprodución CDG Pistacatro

OUTUBRO

Residencia

Do luns 1 ao mércores 10

Coprodución CDG Pistacatro

Teatro / Coprodución

Do xoves 11 ao domingo 21

Pistacatro. ***Arnoia, Arnoia***

Teatro

Do martes 23 ao domingo 28. REPOSICIÓ

Coprodución CDG A Panadaría. ***Elisa e Marcela***

NOVEMBRO

Teatro / Coprodución

Do venres 2 ao domingo 4

Pablo Fidalgo. ***Anarquismos***

11

SERVIZOS

Cesión de materiais

Os fondos do CDG están a disposición daquelas entidades que os soliciten. O préstamo estará suxeito á dispoñibilidade dos fondos no momento da petición.

Cesión de espazos

Os diferentes espazos do Salón Teatro están a disposición daquelas entidades que os soliciten. A cesión estará suxeita á dispoñibilidade dos mesmos nas datas da petición.

Visitas guiadas

Ofrécense visitas guiadas polo Salón Teatro a grupos (mínimo de 10 persoas) para achegarllas o edificio e a súa actividade a todos aqueles que estean interesados.

Así mesmo, ofrécense visitas guiadas técnicas (levadas a cabo por un membro do noso equipo técnico) orientadas a grupos de estudantes (mínimo de 10 persoas) de Artes Escénicas, Produción ou Tecnoloxía do Espectáculo.

Teatro accesible

O Salón Teatro dará comezo ao proceso para converterse nun teatro accesible. Como primeira fase deste proceso ofrecerase o servizo de amplificación de son por medio de auriculares durante toda a actividade de exhibición do Salón Teatro. Para garantir a dispoñibilidade deste servizo requírese reserva previa.

Domingos de conciliación

Este ano engadimos un novo servizo ao noso teatro: un taller de artes escénicas (con monicreques, teatro de sombras e moitos xogos máis) para as cativas/os de entre 5 e 12 anos na Fundación Granell os domingos de exhibición da produción propia. Para garantir a dispoñibilidade requírese reserva previa.

Despacho de billetes

DESCONTOS*

O CDG continúa coa súa política de descontos na procura de facilitar o acceso ao teatro a todos os públicos.

65 % Funcións escolares

60 % Grupos a partir de 10 persoas previa reserva (con necesidade de organizar algún sistema de transporte)

50 % Día do espectador (domingo)*

40 % Grupos (a partir de 10 persoas, previa reserva)

40 % Carné Xove, desempregados, estudantes, familia numerosa, maiores de 65, xubilados

40 % Profesionais das artes escénicas e xornalistas con acreditación, membros da Asociación de Antigos Alumnos e Amigos da USC (Alumni USC)

40 % Bono Nadal'17

*4 entradas para calquera das funcións do ciclo *Gran teatro para os máis pequenos* + Taller

*3 entradas para a mesma función do ciclo *Gran teatro para os máis pequenos*

20 % Funcións do ciclo *Gran teatro para os máis pequenos*

PROMOCIÓN

Producións propias: **3x2 (só no despacho de billetes)**
(se traes dous espectadores, invitámoste ao teatro)

**Os descontos non son acumulables. O Día do espectador quedan anulados outros posibles descontos.*

**Día do espectador: é decisión de cada compañía aplicar este desconto. Si se aplicará en todas as propostas escénicas dependentes do CDG.*

Venda de entradas en liña

entradas.abanca.com
902 434 443

CDG

